

## sarria

O Concello realiza melloras e acondicionamentos en rúas e estradas municipais. **Pax. 4**

## o incio

A Alcaldía celebrou un Pleno no que se aprobaron as contas municipais. **Pax. 12**

## láncara

O campo da feira da Pobra de San Xiao será mellorado polo Goberno local. **Pax. 14**

## páramo

Aprobado o Plan Básico Municipal que delimita 84 núcleos rurais. **Pax. 18**

## paradela

O alcalde di que "hai que recuperar o tradicional do municipio". **Pax. 18**

## Comeza a peregrinaxe

Co bo tempo e a chegada da primavera os peregrinos volven animarse a facer a ruta Xacoba que pasa pola comarca sarriá




## Julio Páramo aposta por un museo de slot

Fálanos sobre un proxecto novidoso e único no mundo no sector do automóbil. **Pax. 8**

## A Deputación esixe melloras na Sanidade


O Pleno aprobou a moción pola que piden á Xunta que atenda as reclamacións da veciñanza. **Pax. 19**

## Cantos de Taberna



A Asociación Peleríños organiza a VII edición da Estremonía Cantada. **Pax. 3**

## Terra Brava



O Festival Terra Brava xa desvelou a súa data de celebración. **Pax. 12**

## I Ruta Enduro



Triacastela acollerá a súa primeira ruta enduro o sábado 25 de marzo. **Pax. 12**

## Falamos co Club de Billar Snooker

Juan Pedro Durán é o presidente do club de afeccionados a este deporte de mesa. **Pax. 22**

SOMOS PROMOTORES



**VIVIENDAS EN VENTA EN SARRIA**  
(Al lado del Eroski)

SOMOS PROMOTORES



**PRÓXIMA PROMOCIÓN EN LUGO**  
(Calle Montirón)

**Somos constructores**  
Hacemos viviendas unifamiliares llave en mano, proyectos, reformas y estructuras...

Tenemos a su disposición en **alquiler** apartamentos, en Sarria y, próximas ofertas en Ponferrada y Lugo



**GRUPO VILA**

FERNANDO DE CASTRO 35, BAJO SARRIA

TELF. 607371614  
vila@grupovila.es

## A FONDO

# 114 quilómetros de peregrinaxe

Espérase unha grande afluencia de xente no Camiño Francés este ano, sobre todo a partir do comezo da primavera

O Camiño de Santiago pode facerse a través de oito rutas diferentes: o Camiño Francés, o Camiño Inglés, o Camiño Portugués, o Camiño Primitivo, a Vía da Prata, o Camiño do Norte, o Camiño de Fisterra e a Ruta do Mar de Arousa; porén, o máis concorrido é o Camiño Francés. Sarria é o punto álxido, onde chegan máis de 100.000 peregrinos ao ano desde o Cebreiro, punto onde comezan moitos a facer o Camiño, ou mesmo porque é nesta vila onde inician a súa experiencia máis intensa ao redor das paisaxes galegas.

Desde a Asociación de Amigos do Camiño de Santiago da comarca de Sarria, que contan cun punto de atención a peregrinos aberto, din que “peregrinos veñen todos os días, pero a afluencia de xente espérase a partir do 15 de marzo”, xa que moita xente quere facelo antes ou, sobre todo, durante a Semana Santa.

Ademais, argumentan que a previsión, despois de moitos anos analizando os datos, é que os anos posteriores ao ano Xacobeo son os máis densos de peregrinaxe, polo que este ano espérase unha gran chegada de crentes e turistas que pararán en Sarria.

Desde Sarria son exactamente 114 quilómetros os que os peregrinos teñen que percorrer ata o seu destino: a Catedral de Santiago de Compostela. Esta ruta adóitase dividir en cinco



etapas se se fai andando, xa que hai quen vai en bicicleta.

Estas cinco etapas corresponderíanse con: Sarria - Portomarín (22,2 km), Portomarín - Palas de Rei (24,8 km), Palas de Rei - Arzúa (28,5 km), Arzúa - O Pedrouzo (19,3 km) e O Pedrouzo - Santiago de Compostela (19,4 km).

### A importancia da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago da comarca de Sarria

Jorge, presidente da Asociación explica que van abrir todas as mañás, agás a do domingo, durante dúas horas a partir do 15 de marzo e, incluso, abrirán pola tarde en casos puntuais

para axudar aos peregrinos a rematar o Camiño da mellor e máis sinxela forma posible.

“Nós non promocionamos nin facemos andainas, estamos ao servizo das persoas que entran en Sarria buscando información ou axuda dalgún tipo”, comenta. “Estamos dentro da Federación Española do Camiño de Santiago e somos os primeiros que abren para estar todos os días do ano atendendo á xente”, sosteñen desde a asociación.

Ademais, defenden que hai que promocionar máis o Camiño de Santiago e, en concreto, o Camiño Francés, xa que é un patrimonio natural e mundial que

“debemos conservar”.

Por outra parte, argumentan que tamén “hai que terlle respecto” e que se debe promocionar Galicia no seu conxunto, así como promover que se coñezan as rutas de toda Galicia e, no caso particular do Camiño Francés, explican que as dúas etapas anteriores a Sarria “tamén son importantes”.

### Críticas a que os peregrinos comecen en Sarria

Desde a Asociación de Amigos do Camiño de Santiago critican a decisión da Xunta de entregar a compostelana aos 100 quilómetros, porque así “a xente

perde dúas etapas do Camiño Francés fermosísimas, as que van do Cebreiro a Triacastela e de Triacastela a Sarria”.

Este mesmo argumento é sostiúdo por Olga Iglesias, presidenta da Mancomunidade de Municipios do Camiño Francés, quen ademais é alcaldesa de Triacastela, un “lugar fermoso por onde pasa esta ruta do Camiño”, explica.

Ademais, Olga argumenta que as reservas son moi superiores sempre en Sarria con respecto a Triacastela, polo que espera que a situación mellore de cara ao mes seguinte.

Mentres, Jorge di que “facer o Camiño en tres días non ten sentido” e que “é mellor ir facéndoo en varias tempadas, que facelo correndo en tres días, perdendo toda a súa esencia”.

“Hai que ter a Galicia por igual e é importante conservar o Camiño desde a entrada de Galicia ata Santiago de Compostela”, explica Jorge, “podendo comezar o Camiño Francés no Cebreiro, que son só dúas etapas máis cheas de natureza”, suma Olga Iglesias.

“Agora a xente acostumouse a saír desde Lugo, Vilalba e Sarria, onde hai máis afluencia de xente, pero creo que se está perdendo unha parte esencial do Camiño”, conclúe o presidente da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago na comarca de Sarria.



**ASESORAMIENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS**

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:



Entra e infórmate!

982 876 681

sarria@xenera.com

**XENERA**  
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal compañía eléctrica de Galicia. Con máis de 130 anos de historia.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de **XENERA**



**Muebles Celeiro**

**A TÚA OFICINA NA CASA**


MÁIS DE 30 ANOS O SEU SERVIZO

Vilapedre 27614 (Crta. Lu546, km16) Sarria - Lugo  
Tel.: 982 532 451 - 625 662 962  
www.mueblesceleiro.com / mueblesceleiro@gmail.com

# SARRIA

## O Esmorga Fest 2023 confirma os primeiros artistas e grupos

Os vindeiros 19 e 20 de maio terá lugar o Esmorga Fest, o festival de música independente de Sarria, e os organizadores xa están publicando algúns dos artistas e grupos musicais convidados que farán deste evento unha das mellores edicións, xa que estivo precedida polo seu despido por falta de apoios e a súa reaparición grazas á axuda da Deputación de Lugo que lles brinda apoio económico para



levar a cabo unha nova edición. Así, entre os artistas anunciados, atópanse Los Punsetes, The Parrots, Yawners, Castro e Ghouljaboy.

As entradas xa están dispoñibles na súa páxina web e están a 35 euros para as persoas interesadas en asistir a este evento. Este festival de música alternativa naceu de casualidade e mantense dende o ano 2015, ano da súa primeira edición.

## Os bombeiros incorporan un novo furgón de salvamento

O Consorcio Provincial de Bombeiros incorpora un novo furgón de salvamento para o parque comarcal de Sarria co obxectivo de reforzar o parque móbil tanto para os servizos que se prestan. O investimento para a súa adquisición foi de preto de 380.000€. O obxectivo é que este vehículo teñan un uso polivalente polo seu tamaño medio, sendo máis pequenos que os camiós BUL, o que permite acceder a lugares máis estreitos e de accesos máis complicados. Tamén serán moi útiles para transportar o material de excarceración ou outros equipos de menor dimensión que se poden levar ás emerxencias de tal xeito que se complementen os equipos actuais.

## A Asociación Peleriños organiza os Cantos de Taberna

O vindeiro 25 de marzo a Asociación Peleriños organiza a VII edición da Estremonía cantada – Cantos de Taberna de Sarria.

Nesta edición, como nas anteriores, haberá dúas rutas de 8 tabernas e 16 grupos, que en total suman 200 músicos, que irán rotando pola súa ruta, polo que haberá música constantemente na tarde e noite de sábado.

Os grupos interesados en apuntarse nas últimas prazas que aínda quedan vacantes poden facelo a través do correo [acpelerinos@gmail.com](mailto:acpelerinos@gmail.com).

Esta xornada rematará cunha cea aberta na Sociedade La Unión, onde a xente poderá reservar para ceiar cos músicos comunicándoo



tamén a través do correo electrónico.

Posteriormente, haberá unha festa de peche dos cantos aberta a todo o mundo que consistirá en tomar algo e desfrutar dunha peza de cada grupo e a actuación de Cé Orquesta Pantasma.

## Inaugurada unha mostra sobre o Entroido

O Concello de Sarria vén de anunciar que xa está inaugurada a exposición fotográfica 'Viaxe polo mundo da máscara', de Mercedes Vázquez Saavedra.

A Antiga Prisión Preventiva será o lugar onde os interesados poderán visitar esta mostra ata o vindeiro 24 de marzo de luns a venres, en horario de 9.15 a 14.00 horas.

Pódense programar visitas noutros horarios chamando previamente aos teléfonos 982 530 068 ou 982 535 000.



## O club ciclista DH acondicionou o monte Santa Cristina para o Campionato do mes de xuño

O club ciclista DH Galicia de Sarria anunciou que o vindeiro 11 de xuño celebrarase o Campionato de DH Galicia no circuíto do Páramo DH Molinos e por iso comezou os traballos de mellora das pistas no monte de Santa Cristina.

Unha decena de socios do club ciclista participaron destas obras que se acometeron en tres días para mellorar os terreos polos que circularán os participantes do Campionato, xa que o monte estaba intransitable debido aos temporais. Ademais de mellorar o percorrido polo monte, tamén arraxaron as vías e as cunetas, e colocaron no-

vas tubaxes para canalizar as augas e evitar que as chuvias poidan provocar novos danos.

Por outra banda, o club pensa en instalar cámaras de videovixilancia no monte para evitar que persoas poidan realizar actos incívicos como tirar lixo ou crear incendios, sempre co consentimento dos comuneiros.

Neste monte de Santa Cristina, o club dispón de oito circuítos cunha lonxitude aproximada dun quilómetro que se pode ver na páxina web do club, onde ofrece unha descrición de cada trazado, fotografías e vídeos dos percorridos.

## PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694  
629 817 933

[comercial@hormigonesartai.com](mailto:comercial@hormigonesartai.com)

Prefabricados y Hierros  
**TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: [hierrostouron@gmail.com](mailto:hierrostouron@gmail.com)

## Camiña Sarria esixe a dimisión de Escontrela tras coñecerse os informes técnicos

Camiña Sarria esixe a dimisión de Benjamín Escontrela como edil da Corporación Municipal tras coñecerse os informes técnicos da Secretaría e Intervención que apuntan á posible comisión dos delitos de falsidade documental e malversación dos fondos públicos.

Ademais, os informes apuntan a incumprimentos da normativa contratual, laboral e de protección de datos na contratación dun detective para a investigación de feitos privados de varias traballadoras da Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme.

Camiña Sarria considera que ditos informes son “demoledores” sobre o labor de Escontrela como responsable da xestión da residencia entre 2019 e 2022 e “constatan a súa incapacidade como xestor público”.

**CLAUDIO GARRIDO.** O alcalde continúa afirmando que el foi coñe-

cedor dos contratos do detective privado para investigar traballadoras da Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme hai catro meses, cando pediu explicacións ao responsable da xestión da residencia, Benjamín Escontrela.

Di que “como alcalde, estou afeito a traballar en equipo e delegar responsabilidades nas persoas que me rodean para que traballen con total autonomía e así o fixen con Escontrela, con quen é obvio que me equivoquei e asumo ese erro”. Tamén volve a asegurar que “en ningún momento me consultou ou informou da contratación do detective e cando o souben, pedín explicacións”. Explica esta circunstancia porque foi acusado por parte da oposición de sabelo e non dicilo, ao que Garrido contesta que “tamén eles terían que ser coñecedores da contratación, xa que fiscalizan todas as facturas”.

## O Concello realiza melloras en rúas e estradas municipais

O Concello de Sarria mandou executar os traballos de asfaltado da contorna do Centro Deportivo Saúde Sarria, financiados con recursos propios.

Tamén comezaron os traballos de renovación do pavimento nun treito de sete quilómetros da estrada municipal de Oural a Vila maior.

Esta actuación, adxudicada o pasado mes de outubro á empresa Probisa Vías y Obras, supón un investimento de 281.000 euros. Acometerase nun prazo aproximado dunha semana, sempre e cando as condicións meteorolóxicas non dificulten a execución dos traballos.

O proxecto inclúe tanto a limpeza e apertura de cunetas ao longo dos sete quilómetros, como a dotación dun novo pavimento (27.600 metros cadrados de aglomerado en quente) e o pintado da sinalización horizontal.



**SINALIZACIÓN.** O Concello tamén comezou en febreiro cos traballos de mellora da sinalización vial horizontal en máis de medio cento de rúas da vila, que inclúe o repintado das marcas na calzada e dos pasos de peóns, a sinalización das prazas de estacionamento reservadas para minusválidos, e a sinalización das zonas de carga e descarga, de ambulancias e para as paradas dos autobuses. Esta mellora desenvolverase nun total de 54 rúas, con tres niveis de ac-

tuación: no primeiro grupo atópanse 10 rúas (rúa Liberdade, rúa Nova, rúa Gran Vía Alfonso IX, rúa das Insuas, rúa Xoán Montes, rúa Pascual Veiga, rúa Castelao, rúa Pombal e rúa Formigueiros) nas que se pintará a totalidade das marcas horizontais e dos pasos de peóns; no segundo grupo inclúense 29 rúas nas que se pintarán os pasos de peóns e as liñas da calzada; e no terceiro grupo están 15 rúas nas que só se pintarán os pasos nas zonas máis deterioradas.

## O PP municipal xa conta coa súa candidata ás eleccións

O Comité Executivo do PP de Sarria acordou designar candidata á Alcaldía nas próximas eleccións municipais a Carmen José López Rodríguez, quen asegura que “me fai gran ilusión este proxecto que ten como obxectivo devolver o esplendor e o seu lugar no mundo á nosa excepcional terra”.

López cre que “Sarria está sedenta de ilusión” e cre que “temos que mirar para o futuro e non centrarse en loitas de egos que enchen de enfrontamentos a situación política da



nosa vila”. A alcaldable popular considera que “hai que poñer en valor o territorio que é rico e excepcional para devolver o esplendor a vila”.

## Melloraranse varios viais con fondos do Plan Único

O Concello destinará preto de 400.000 euros do total dos 520.000 euros do Plan Único a cinco proxectos de mellora de viais.

Deses 400.000 euros, 204.000 euros serán destinados á mellora de accesos en Teilonxe (San Pedro de Froián), acceso á Escola da Pena (Fontela), San Xulián da Veiga, O Romeo (Maside), treitos dentro do núcleo de Manán, Currial (Maside), O Fondón (Ortoá), Ferreiros, Lamparte, acceso a Vilanova desde

Mezur e A Pinza.

Ademais, 48.000 euros irán para a renovación de varios firmes.

A maiores, outros 58.000 euros empregaranse na adquisición de material e o pintado de estancias interiores da Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, 20.000 euros no SAF e 48.000 euros na contratación de seis operarios durante catro meses para os departamentos de Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.

## Huellas Sarria busca persoal na protectora

Desde a protectora Huellas de Sarria están buscando unha persoa para colaborar con eles nas tarefas de limpeza, orde, alimentación de coidado dos animais.

Como difunden nas súas redes, buscan a alguén responsable, que poida traballar de forma independente sen ser supervisado, que posúa empatía e que lles teña agarimo aos animais dos que vai coidar.

As persoas interesadas poderán presentar as súas solicitudes mandando un correo a electrónico a huellasdesarria@gmail.com.

**Empresa especializada en traballos verticales**



**REFORMAS Y LIMPIEZAS**

**Ramos Lourés**

Rei Don Garcia 91 Bajo. 27002 Lugo  
659 718 582 (24h) / 665 590 486

info@ramosloures.es / www.ramosloures.es  
rylramosloures

**DISPONEMOS DE TÉCNICOS CON ALTA FORMACIÓN Y EXPERIENCIA EN TRABAJOS EN ALTURA Y VERTICALES (SIN ANDAMIOS)**

- Limpieza de canalones • Reparacións de bajantes
- Limpieza, pintado e hidrofugado de fachadas e patios de luces
- Traballos confinado e en altura en industria
- Ademais disponemos de servizo de desatascos 24h



**MOVIMIENTOS DE TIERRA Y EXCAVACIONES**  
 Venta de aridos: zahorra, piedra, grava, arena

**José Luis MATANZA** 657 982 987  
 SARRIA (LUGO)

## “Se queremos que as mascotas colaboren, non deben ternos medo”

Alba González, veterinaria e xerente da clínica Alborada de Sarria

### Como xurdiu a idea?

Sempre tiven en mente dedicarme a esta profesión e chegado o momento poder ter un negocio propio. Tiven a sorte de atoparme no momento adecuado coas compañeiras coas que agora formo un bo equipo, e en ese momento foi posible levar o proxecto a cabo. Isto foi en novembro do 2022.

### Que obxectivo ten?

O noso obxectivo sempre foi e será dar o mellor servizo posible en canto ao que a saúde das nosas mascotas se refire.

### Que tipo de servizos prestan?

Ofrecemos todo tipo de servizos de consulta para pequenos animais, en este caso, cans e gatos. Dispoñemos de dúas consultas, diagnóstico por imaxe (radiografía e ecografía), laboratorio de análises clínicas, quirófano para todo tipo de cirurxías de tecidos brandos, hospitalización e perruquería canina e felina. Ademais, temos tenda especializada tanto con alimentación con toda clase de accesorios.

### Había unha necesidade en Sarria dunha clínica veterinaria?

Cada día é máis común que nas nosas casas teñamos unha mascota, polo que sempre é importante ter un servizo axeitado e ter compañeiros na zona para poder facer un traballo conxunto e o máis colaborativo posible.

### Cal é o horario de apertura?

Abrimos de luns a venres de 10.00 a 14.00 horas, e de 16.30 a 19.30 horas, e os sábados de 10.00 a 14.00 horas. Ademais,



temos servizo de urxencias para calquera problema que poda xurdir fóra do noso horario e en fins de semana ou días festivos.

### Como é o trato coas familias?

Procuramos que o trato sexa sempre o mellor e máis próximo posible, ademais de manter ás familias dos nosos pacientes sempre informadas do que acontece coas súas mascotas.

### Como é o trato cos animais?

O trato cos animais debe ser sempre o máis cariñoso e tranquilo posible, pois se queremos

que colaboren, é importante que non nos teñan medo e transmitir certo grao de respecto para evitar malas condutas ou incluso condutas agresivas.

### Cantas mascotas atendedes ao día?

Depende moito da xornada, por norma xeral adoitamos facer as cirurxías polas mañás máis as consultas que estean programadas, e pola tarde por norma xeral só facemos consulta, ademais das urxencias que podan xurdir ao longo do día.

### Tedes clientes habituais? Por

### que credes que son fieis a vós?

Levamos traballando en Alborada dende novembro e dende o principio tivemos a gran sorte de ter clientes que veñen de forma habitual. Nós procuramos dar sempre una boa atención e un servizo de calidade, supoño que iso é o que fai que a xente queira repetir e vaia collendo confianza en nos pouco a pouco. Por sorte, ata o de agora as opinións que nos chegan e que temos na nosa páxina de Google son moi boas e estamos moi contentas con que iso sexa así. Día a día esforzámonos por mellorar no noso traballo facendo formacións continuamente.

### Cambiou o traballo nestes últimos tempos?

A diferenza que notamos no traballo nestes últimos anos sobre todo e que é máis ordenado, pois acostumámonos a pedir cita para todo e iso facilita moito a fluidez e a organización do traballo.

### Cales son as últimas novidades do sector?

En medicina veterinaria igual que outros sectores cada vez temos a disposición máis tecnoloxía e equipos novos que nos axudan a chegar dunha forma máis rápida e segura a un diagnóstico o máis acertado posible.

### Que proxectos ou obxectivos ten de cara ao futuro?

O noso obxectivo é poder ampliar os nosos servizos e poder facer a maiores dos que xa temos ecocardiografía e traumatoloxía, entre outros.

## Rúa da Música está a elaborar un CD polo seu aniversario

A Asociación Rúa da Música de Sarria está elaborando un disco con motivo do seu décimo aniversario no que están incluídos todos os grupos e artistas que formaron parte da asociación desde a súa posta en marcha ata agora.

Este disco dobre incluírá máis de vinte cancións de bandas que se crearan dentro da asociación ou que pasaran polo local nalgún momento da súa existencia, polo que se pode atopar cantautores, estilo punk, pero sobre todo “moito rock”, afirma o seu presidente, Jesús. Por outra parte, desde a asociación comentan que xa están preparando o Festival Garitos para este mes de setembro.

## A actuación de Roberto Lolo en Got Talent fíxose viral nas redes sociais

O mago sarriano Roberto Lolo fíxose viral nas redes sociais despois de que o programa Got Talent publicara o seu vídeo inédito de cando participou no programa. O vídeo publicouse na páxina de Facebook de Got Talent e xa acumula máis de 140 mil reproducións e comentarios positivos que ilusionaron e emocionaron a Roberto.

O mago que organiza cada ano o Festival de Maxia de Sarria explicou que sempre ve o programa cos seus pais, porque lles gusta moito. “Fun divertirme, non me interesaba participar en competición, pero sorprendín aos meus pais e a un millón de xente en internet”, declara.



**cafe CUBAN bar**

**DESAYUNOS Y TAPAS VARIADAS**

**1ER PREMIO XV CONCURSO DE TAPAS TAPICHEO'22**

**¡TE ESPERAMOS!**  
 De Lunes a viernes a partir de las 7:00 h.  
 Sábados a partir de las 8:00 h.  
 Domingo cerrado por descanso

Matías López 100, SARRIA - cafeteriabar cubano@gmail.com - Tfno.: 982 886 580



**GESTEGA**

**OFICINA TÉCNICA AGROFORESTAL**

GESTIÓN CINEGÉTICA - PROYECTOS AGRÍCOLAS  
 PROYECTOS FORESTALES - TOPOGRAFÍA  
 GESTIÓN CATASTRAL - REPOBLACIONES FORESTALES  
 ORDENACIÓN DE MONTES

Avenida Calvo Sotelo, 126 Entlo. B - 27600 Sarria (Lugo)  
 Tel. / Fax: 982 886 487 - Móvil: 607 192 475

## Os orzamentos do 2023 non saen adiante



No Pleno celebrado a primeiros de febreiro no Concello de Sarria, PP, PSOE e Galicia Sempre votaron en contra da proposta de orzamentos do goberno local para este ano de 13,3 millóns de euros.

Camiña Sarria, partido do Goberno, votou a favor destes presupostos e tamén o fixo o BNG, como xa avisara en días anteriores, para apoiar aos traballadores que están pendentes da Relación dos Postos de Traballo (RPT) do concello.

Pola súa parte, PP, PSOE e Galicia Sempre votaron en contra porque ven estes orzamentos como "electoralistas", xa que non solucionan os problemas dos sarriáns. Sobre todo, foron críticos co crédito de 345.000 euros para o servizo eléctrico. Pola súa parte, o alcalde acusou, de novo, a estes partidos de "falta de responsabilidade" por votar en contra duns orzamentos que eran necesarios para a RPT e a residencia de maiores.

**EXPEDIENTES.** O PSOE expulsa a Pilar López como concelleira do partido socialista e dende o grupo din que se actuará "contundentemente contra o incumprimento dos nosos estatutos, nos que se recolle que a dirección local ten a capacidade de decidir o voto nos temas relevantes do Concello".

Desde o grupo político explican que o pasado 30 de xaneiro a executiva local tivo unha reunión cos representantes dos traballadores do Concello de Sarria, tras a cal votouse, por unanimidade, a favor dos orzamentos para posibilitar a RPT. Así, trasladáronlle aos concelleiros o acordo tomado pola executiva para que así o fixesen efectivo no Pleno, pero os concelleiros socialistas Pilar López e Diego López votaron en contra.

Así, defenden que utilizaran os recursos que están o seu alcance para facer cumprir as normas internas ao grupo municipal expulsando do mesmo a Pilar López por non pertencer xa desde maio ao partido socialista e abrir expediente a Diego López por incumplir o mandato da executiva sarriá, trasladado por medios telefónicos e via email, ademais de convidar ao concelleiro a unha reunión cos traballadores á que non acudiu.

"Pedimos desculpas aos traballadores afectados, sabemos que a RPT era moi importante para eles despois de tantos anos de loita, empatizamos con eles e tamén nos sentimos traizoados por aqueles que din que nos representan, pero que en realidade se representan a si mesmos utilizando os votos do Partido Socialista", denuncian.

## A ACES entregou os premios da campaña de San Valentín

A Asociación de Comerciantes e Empresarios de Sarria entregou os premios aos gañadores da campaña de San Valentín 'O teu corazón pide Sarria' nas oficinas de ACES.

Os agraciados foron: Roberto Vázquez por unha compra en Moncho Moda, José Luis López Rivera por unha compra en Veiga Calzados, Pamela López Fernández que fixo a súa compra en Joyería Salgado e por último, Antía López López por unha compra na Xoyería Díaz.

O presidente, Ricardo Arias, foi o



encargado de entregarlle aos premiados catro ceas para dúas persoas nos establecementos hosta-

leiros Hotel Alfonso IX, Restaurante O'Descanso, Restaurante Roma e El Parisien.

## O IES Gregorio Fernández participa no programa EduReferentes

O IES Gregorio Fernández de Sarria é un dos 20 centros educativos de toda Galicia que participarán este curso no programa educativo EduReferentes, unha iniciativa que achega ás aulas testemuños de mulleres galegas referentes que destacan pola súa traxectoria profesional de éxito. A iniciativa é desenvolvida co obxectivo de promover a igualdade de oportunidades e favorecer que as nenas elixan o seu itinerario académico baseándose na súa vocación e non nos estereotipos de xénero.

O programa vai dirixido ao alumnado de ESO e FP Básica de centros públicos. Nos centros participantes desenvolveranse charlas de 50 minutos nas que dúas profesionais referentes galegas de diferentes sectores achegarán ao

alumnado aos seus ámbitos profesionais. Nestas sesións traballárase co alumnado os mitos sobre os diversos perfís profesionais desde unha perspectiva de xénero.

Como novidade este ano inclúense obradoiros educativos sobre SoftSkills (cualidades relacionadas coa escoita activa, o trabazo en equipo, a creatividade...), tamén de 50 minutos de duración e para grupos de 25 alumnos. A metodoloxía terá como base a educación emocional con perspectiva de xénero do alumnado.

O programa de actividades complétase, como é habitual, coas mentorías individualizadas, para as que os centros participantes fagán unha selección de cinco alumnos que serán acompañados por profesionais referentes no seu ámbito.

## O PP insta ao Concello a dicir cando se vai devolver o diñeiro do 'catastrazo'

O Partido Popular pide que o Goberno municipal explique aos veciños todos os puntos sen aclarar en canto á recadación polo catastrazo e as previsións para devolver o cobrado de máis.

Por esta razón, os populares acaban de solicitar que se emita un informe por parte da interventora municipal sobre diversos aspectos.

Queren saber a canto ascenderon os ingresos por IBI do Concello dos anos 2016, 2017, 2018 e 2019, a que exercicio orzamentario foron imputados como ingreso, quen ten que devolver o importe cobrado indebidamente e a canto ascende a cantidade a reintegrar, cando se procederá a restitución do indebidamente percibido por parte do Concello e como se vai a custear a devolución.

**Muévete**  
a **BigMat**  
viñas

982 530 060  
www.bigmat.es

BigMat Viñas en el Polígono de San Julián de la Vega de SARRIA con más de 6,000m<sup>2</sup> de instalación en baños, bricolaje, electricidad, fontanería, herramientas, jardinería, materiales de construcción, pinturas y decoración.

Parking gratuito

**GALICIA RENOVA**  
electrodomesticos

Renovación de:

- Frigorífico
- Conxelador
- Lavaloza
- Lavadora
- Cociña de indución

VEN E INFORMATE SEN COMPROMISO!

**ELECTRONOVA**  
ILUMINACIÓN - ELECTRODOMESTICOS

C/. RÚA NOVA, 56 - 27600 SARRIA (Lugo)  
Tel.: 982 533 648 Mov.: 699 065 864  
electronova@mundo-r.com

# Chega a Lugo A furgoteka!!!!

BIBLIOTECAS MÓBILES DE GALICIA

Levamos libros frescos cada  
pouco tempo aos concellos de:

Baleira, Cervantes, Folgoso do Courel, O Incio, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, Samos e Triacastela.



XUNTA  
DE GALICIA

Consulta o seu percorrido e horarios en [cultura.gal](http://cultura.gal), nos lugares de información habituais do teu concello ou a través das redes sociais

# “O obxectivo é xerar vocacións cara ao automobilismo”

Julio Páramo López é o promotor do Museo Paixón Slot

Falamos con Julio Páramo López, enxeñeiro técnico industrial que tivo unha longa etapa profesional traballando no sector do automóbil. Desde hai uns anos decidiu volver a Sarria e, chegado o momento, apostar por un proxecto novidoso e único no mundo: un museo da historia do automobilismo a través de miniaturas de slot.

## Desde cando profesas ese amor polo automóbil?

Desde neno, case desde a primeira infancia. Meu pai traballaba fóra do domicilio, na Coruña, eu son de Sarria, e todas as fins de semana traíame unha miniatura de coche desas marcas clásicas que se vendían en España, Guisval, Joal, Pilen... Fun xuntando unha pequena colección coa que xogaba e supoño que a orixe da afección vai por aí, xa que o primeiro Scalextric tiveno no Nadal do ano 1976 o que é o meu primeiro contacto co slot (concepto que coñecín moitos anos despois). Estudei algo que me enfocara a poder traballar nese mundo. O mais factible en Galicia era Enxeñería Técnica Industrial.

## Que é o slot?

O slot é o xenérico do que en España se coñece como Scalextric (que foi a marca que introduciu a hobby en España). O concepto naceu no ano 1957 en Inglaterra, ‘slot’ vén do inglés e significa rañura. Fai referencia á rañura por onde circula un elemento dos coches que é a guía. Os coches en miniatura teñen ademais de esa guía dúas patiliñas de material condutor por onde se recolle a corrente continua, de arredor de 12 voltios, de dúas pistas metálicas que van a os lados da rañura. Esta corrente alimenta o motor que leva o coche e o fai circular pola pista. Ademais, normalmente a pista é desmontable, pensada para que os peque-

nos montaran e desmontaran as pistas e fixeran carreiras.

## Como xurdiu a idea de crear o Museo Paixón?

Co enfoque de estudar algo relacionado co automóbil, a partir da adolescencia fun comprando revistas e xerando coñecemento e afección. Cando empecei a traballar, puiden acceder a comprar algún libro, esa etapa ademais coincidiu cos inicios de internet o que me deu posibilidade de coñecer cousas que nin sabía que existían. Así, fun creando un arquivo con información que ía gardando.

A mediados dos noventa houbo un boom de oferta do slot, con coches con calidade de maqueta estática, algo impensable hasta aquel momento, e eu fun comprando todo o que puiden. Co tempo, o meu arquivo tamén tiña medrado, constituíndo xa

- 2008 eu seguía coleccionando, pero pensando xa no obxectivo do museo, co que cada compra ía orientada á musealización e ás posibles faltas que puidese haber na colección. Para aquel momento, eu xa teño claro que o criterio de musealización ten que ser cronolóxico e contar a historia da industria do automóbil a través da competición. Este é un museo de miniaturas de slot que reproducen coches de competición reais, por tanto conta a historia dos coches, pero tamén das marcas, do márketing, da tecnoloxía, etc.

Ademais, como o automóbil é unha industria tan sistémica e importante nas economías, ao final, tamén contas a historia económica dende principios do século 20, e por extensión a historia en xeral.

Este sería o único museo de mi-



un corpus sobre o sector. O resultado foi un gran volume de miniaturas e documentos que para min xa non tiña sentido gardar sen máis. Eu non tiña unha casa grande que me permitise ter un espazo para desfrutar da colección, pero aínda que o tiñese para min o único que tiña sentido era musealizar a colección para desfrutala e ofrecela a terceiros para que tamén a poidan desfrutar. No momento en que empezou a crise dos 2007

## niaturas Slot do automóbil do mundo?

No mundo hai dous museos cuxa colección principal son os coches de slot: un está nos Ángeles e outro está en Houston. Despois, museos de miniaturas estáticas de coches hai moitísimos, hai coleccións moi grandes, algunhas desde os anos 30 e 40 do século XX.

O slot é máis recente, de finais dos 50, e con volumes importantes a partir de finais dos 60. Eses



dous museos existentes están enfocados ao slot propiamente dito como hobby, un de eles ao slot americano e o outro toca todos os paus, pretendendo ser a Wikipedia do slot, sen ter un criterio concreto. O museo de Paixón Motor Slot estará enfocado ao automobilismo real a través do slot, o que si o faría único do mundo.

## Como te sentes ao volver a Sarria?

Penso que é unha obriga. Eu formei parte das primeiras xeracións de persoas que saíron masivamente a estudar fóra, pero volví. Fun sempre dos que pensaba que era unha obriga para nós tratar de facer algo nos nosos lugares de orixe. Deixei Vigo e o sector de automóbil e a nivel profesional nun momento dado no que, ou me quedaba para sempre ou volvía cara Sarria para facer algo. Quero retornar ao sector a través de esta institución museística, xerando unha actividade profesional e económica ao redor dela.

## Como vai ser ese Museo?

Eu quero unha dinámica no Museo, poder xerar eventos, darlle vida... Que non sexa estático nin morto, nin un almacén de cousas; senón que sexa un museo vivo enfocado a temas de saber, de educación, vinculado ás institucións educativas, formación profesional... Cara a rapaces máis pequenos, pódese ensinar conceptos básicos de electricidade e magnetismo, algo que é moi fácil de aprender a través dun xogo como este. Tamén

queremos xerar un vínculo coa universidade en canto á historia do automobilismo, que sirva de dinámica e de actividade complementaria para coñecer a historia, que é moi importante para calquera actividade. Se se coñece a historia, sempre se sabe por que xorden os acontecementos e así é moito máis fácil reter e assimilar as cousas que aprendes. Pero o obxectivo final sería xerar vocacións, que no futuro haxa mozos que se enfoquen á industria do automóbil ou á industria en xeral a partir das súas experiencias na institución. Que as persoas que veñan ao museo aprendan cousas para min sería o máis importante.

Eu, por exemplo, botei de menos que alguén me orientase de neno, e ter apoio cando fun estudar a Vigo. Eran outros tempos, pero teoricamente aquel era un sitio moi enfocado ao automóbil. Porén, ao chegar á universidade, non atopei nada en ese sentido, nin sequera algún libro específico sobre o tema, non había nada, ningunha conexión coa industria, o que foi unha gran decepción.

## Haberá que pagar entrada?

Haberá entrada de pago, pero neste tipo de sitios hai que crear distintos formatos de entrada para distintos status de visitante. A xente de Sarria terá un status especial, haberá socios e socios protectores que poderán entrar todo o ano, e iso hai que valoralo. Para colexios, para grupos, para asistentes estándar... todo terá entrada diferenciada, pero

ESTE 19 DE MARZO

# fai sorrir a papá

mercando o teu agasallo no Centro Comercial Urbano de Sarria

**GAÑA UNHA SESIÓN FOTOGRÁFICA EN FAMILIA!**

coas túas compras entre o 6 e o 19 de marzo

Porque, ademais de apoiar ao comercio local e de contribuir á sostiabilidade mercando cerca de ti, entrarás no sorteo dunha fantástica sesión de fotos familiar para realizar en O Garaxe - Formoselle fotógrafos entre todas as compras feitas entre o 6 e o 19 de marzo nos comercios do Centro Comercial Urbano de Sarria - ACES. Participa xa cos teus tickets de compra!



para soste unha infraestrutura deste tipo hai que darlle valor e hai que cobrar entrada.

#### Por que en Sarria?

Podería parecer desatinado porque Sarria é un pobo pequeno, non é unha cidade, pero na cidade ás veces dilúense determinadas ofertas. Nunha cidade pode quedar diluído un tema destes con toda a oferta que hai, pero un pobo pequeno serve de vector e de dinamizador e pode ter máis peso un museo deste tipo. Eu coñecín museos en moitos sitios pequenos onde se fai que o sitio se coñeza polo museo, e ademais se pode complementar con outro tipo de ofertas locais. Ademais, Sarria non é un sitio pequeno de seu. Aí comeza o Camiño Francés a Santiago do orde de 95.000 ou 100.000 persoas cada ano, xa que está a algo máis de 100 km de Santiago, e é un sitio de referencia. Coñéceo moita xente. Concretamente, pensamos en instalar o museo nun sitio que está a 100 metros do Camiño de Santiago, nun desvío mínimo. Así, pódense aproveitar moitas enerxías. O slot é un hobby coñecido en todo o mundo, calquera persoa de calquera sitio do mundo tivo ou puido ver un xogo de slot cando era pequeno e creo que hai potencial instalando o museo en Sarria.

#### Estamos falando do antigo cine Cissa?

Si, o proxecto está pensado inicialmente co obxectivo de que estea no edificio do antigo cinema Cissa e así estase a traballar. Estamos a negociar coa propiedade e hai cousas avanzadas. Hai que conseguir os recursos necesarios pero se non dan os números polo feito de facerse en esa localización e si se desen en outro sitio menos ambicioso así o fariamos. A opción A é o cinema Cissa.

#### Que falta para poñelo en marcha?



O proxecto está bastante armado, pero falta o capital. Estamos buscando financiamento porque queremos xerar unha actividade económica como calquera outra. É un investimento importante e un proxecto ambicioso, pensamos que ten que ser así, porque se non, non funcionaría. Por outra banda, non sabemos aínda a forma xurídica definitiva, será a máis adecuada para a factibilidade e sostibilidade do proxecto. Non seremos unha empresa ao uso, porque non pensamos só no beneficio, senón que os beneficios vanse reinvestir no museo. Agora mesmo seguen saíndo ao mercado novas miniaturas e nós tamén queremos contar isto. Queremos contar a historia do slot comercial, e temos que seguir facendo novas aportacións á colección e tamén seguir con-

tando a historia das tempadas que están por vir. Un museo é un gran investimento e a actividade ten que ser sostible, pero non pensamos exclusivamente no beneficio, só que se sosteña por si mesma.

#### Ides facer promoción?

Vai haber promoción internacional. O Slot xera as súas propias dinámicas a nivel internacional, e aínda que agora mesmo soamente queda unha publicación dixital sobre o slot en España isto acabará saíndo en todos os medios internacionais do sector.

#### Tedes apoios doutras entidades?

Temos apoios institucionais recoñecidos desde a Federación Española do Automobilismo, desde a escolla de arquitectura da universidade da Coruña,



desde a Escola de Enxeñería de Vigo, de persoas como Manolo Lage (natural de Rábade), que é un enxeñeiro xubilado de ENASA, e Barreiros, que é o escritor máis prolífico sobre o sector en español. É un proxecto que está armado, con apoios que lle dan robustez, que ten unha razón

detrás. Con respecto ás institucións, por agora temos boa receptividade, non por todo o mundo igual, pero si que penso que polo menos as institucións deben xerar unha interlocución normal con calquera persoa que teña un proxecto. E máis se é un proxecto diferencial como este.



# INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.




# COMARCA

## Olga Novo é a nova presidenta da Mancomunidade do Camiño

A Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés celebrou un Pleno extraordinario para eleixir ao novo presidente deste organismo. Nesta ocasión a eleixida como nova presidenta foi Olga Iglesias, a actual alcaldesa de Triacastela, e ostentará este cargo durante os vindeiros dous anos. A rexedora toma o relevo do alcalde de Sarria, Claudio Garrido.

A Presidencia da Mancomunidade é rotatoria e, cada dous anos,



un Concello asume dita responsabilidade. Na anterior lexislatura recaeu en Sarria.

A Mancomunidade engloba todos os concellos desde que o Camiño entra en Galicia ata o límite con Santiago de Compostela.

Os concellos que forman parte da Mancomunidade teñen un camiño común, o cal os fai unirse para defendelo, protexelo, coidalo e mesmo publicitalo. Cada concello, cada lugar... teñen espazo para o goce de peregrinos e turistas.



**XUNTANZA TELEMÁTICA.** Os nenos e nenas de primaria do CEIP Eduardo Cela Vila realizaron unha videochamada co alumnado do CPI Poeta Uxío Novoneyra, de Seoane do Courel xunto cos nenos do CEIP de Samos. Durante a xuntanza telemática, os compañeiros do Courel leron os resumos realizados sobre a libro 'O Misterio de Portomarín', escrito por Antía Yáñez.

## A UNED abre o segundo prazo de matriculación

A UNED abre un segundo prazo de matrícula, que se prolongará até o 10 de marzo. Este período está habilitado para a matriculación do segundo cuadrimestre do presente curso 2022-2023. Tanto se é para iniciar estudos, como para ampliar o número de materias, poderase realizar neste período de matriculación aberto do segundo cuadrimestre en Graos, Másteres e Microtítulos.

Poden matricularse no segundo cuadrimestre dun Grao ou Grao Combinado quen persoas novas na UNED, que empezasen este ano na UNED e matriculáronse de polo menos 36 créditos ou que non sexa o seu primeiro ano na UNED e matricúlense dun mínimo de 30 créditos.

Poden matricularse nun Máster

se son estudantes admitidos en preinscripción do curso 2022/2023 sen matricular e contan coa autorización da Comisión Coordinadora do máster; estudantes matriculados nun mínimo de 20 créditos do primeiro período de matrícula 2022/2023, ou estudantes matriculados, independentemente dos créditos, que como máximo lles falten dúas materias para concluír o plan de estudos máis o TFM e fosen autorizados pola Comisión Coordinadora do máster.

Poden comezar agora un Microtítulo. Este ensino propio da UNED, na que son pioneiros, facilita a adquisición de novas competencias para poder responder aos rápidos cambios sociais e tecnolóxicos do noso tempo.

## Haberá que vacinar aos animais da especie ovina e bovina por focos de lingua azul

A Xunta vén de comunicar ao Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación catro focos de lingua azul do serotipo 4 en bovinos dos concellos de Castro Caldelas, Sarreaus, Fornelos de Montes e As Neves. A declaración dos focos supón a creación dunha zona de restrición de polo menos un radio de 50 km arredor dos casos detectados, considerando sempre comarcas veterinarias completas.

Segundo isto, a zona de restrición inclúe as provincias de Ourense e Pontevedra na súa totalidade, e as comarcas ve-


terinarias de Chantada, Terra de Lemos-Quiroga e Sarria. Así, nestas áreas será obrigatoria a vacinación de todos os animais da especie ovina e bovina de máis de tres meses de idade.

**LINGUA AZUL.** É unha enfermidade vírica de carácter infeccioso non contagioso (non se transmite por contacto directo duns animais a outros), transmitida por diferentes especies de mosquitos do xénero Culicoides que transmiten a enfermidade pola picadura a animais infectados e posterior picadura a animais sáns.

## A Deputación mellorará a estrada LU-P-5709, que une Sarria e Paradela

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a licitación do contrato de obras para acometer a mellora da estrada provincial, LU-P-5709, que une Sarria e Paradela. Así o informou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto.

Así, a licitación das obras de rehabilitación da estrada LU-P-5709, ao seu paso polos concellos de Sarria e Paradela foi aprobado cun investimento de 270.000 euros. "Esta é a estrada que comunica Santa María con Castro de Rei de Lemos por Vilamaior, que melloraremos nun treito de 5 quilómetros, dende o punto kilométrico 5,9 ó 10,7, e o prazo de execución é de 2 meses, unha vez que comecen os traballos", avanzou a deputada.



## REVESTIMIENTOS FONTAL

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO, MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)  
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572



## ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS\*
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

\*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N  
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 • Fax 982 532 577

marmolesvilaro@hotmail.com

www.marmolesvilaro.com

# A biblioteca móbil, Furgoteca, xa iniciou o seu percorrido

Triacastela foi o punto inicial do percorrido da Furgoteca, o novo servizo de bibliotecas móbiles da Xunta que se implanta para achegar a lectura aos veciños.

O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participou na súa posta en marcha xunto coa alcaldesa Olga Iglesias, coa que animou a participar a todos os veciños de todas as posibilidades que ofrece, "desde coller en préstamo libros e revistas e participar nas moitas actividades complementarias que programamos ata facerse o carné de usuario de biblioteca ou conectarse a internet", explicou.

Así, en Triacastela instalouse a primeira hora na Casa Niño, onde se ofreceu unha sesión de contactos e durante o día prestou servizo á cidadanía na praza do Concello, recibiu a visita do alumnado do colexio CEIP Eduardo Cela Vila e completou a súa itinerancia na Casa do Maior de Vilar.

"Unha proposta de proximidade como a Furgoteca é esencial para



achegar a cultura a toda a veciñanza, na liña dos obxectivos da nosa folla de ruta para este ano, o Plan Xeración Cultura coa que estamos impulsando o sector cultural", expresou Anxo M. Lorenzo. A Furgoteca estará en Samos o vindeiro 16 e o 30 de marzo pero con diferentes rutas: o 16 percorrerá algunhas parroquias do municipio e o 30 estará só en Samos. En Triacastela estará o martes 28 e o día 14 fará a ruta polas parro-

quias. No concello do Incio estará o día 22 en Santa Cruz e o día 8 polas parroquias.

**A FURGOTECA.** Na furgoteca pódense atopar exemplares de libros, películas, música ou xogos físicos e dixitais así como publicacións periódicas como revistas e xornais. Tamén se poden facer os trámites de expedición de carnés de usuario, préstamo e devolución, formación nos sistemas de



préstamos dixitais, así como distintas actividades de formación. Teñen conexión a internet, equipos informáticos portátiles e impresora tanto para a persoa encargada da prestación do servizo como para o uso dos usuarios. As bibliotecas móbiles dispoñen, ademais, de persoal de atención cun perfil técnico especialista en ocio educativo e animación socio-cultural.

Como complemento, terán programación de periodicidade estable como clubs de lectura, contactos, encontros con autores locais, entre outras, para o que se buscará a colaboración cos centros educativos tanto a través de equipos docentes como a través de bibliotecas escolares e do tecido asociativo.

## Convocadas axudas para o impulso da industria forestal e madeireira

O Diario Oficial de Galicia publicou as axudas da Axencia Galega da Industria Forestal para a organización de actividades formativas non regradas e de divulgación que impulsen o coñecemento e a competitividade da industria forestal-madeira de Galicia. Estas axudas teñen como obxectivo contribuir a unha concienciación colectiva baseada na percepción da industria forestal-madeira como unha industria estratéxica, innovadora e moderna. Así, subvencionarase a organización de actividades formativas non regradas, tales como másters, cursos ou pímulas formativas relacionados coa industria forestal-madeira. Do mesmo xeito, tamén se subvencionarán actividades de divulgación, tales como xornadas, conferencias, seminarios, charlas ou visitas instrutivas en colexios, universidades ou outros centros, ou en xeral calquera formato de divulgación sobre a industria forestal-madeira.



**CAFETERIA**  
**Holo**

**SERVICIO A DOMICILIO**  
Tel. 982 530 021

Calvo Sotelo, 12 27600 SARRIA (Lugo)

**CHAMORREGO**  
**SERVICIO A DOMICILIO**

C/ Calvo Sotelo 140, Sarria - Telf: 982 533 664

**CERVECERÍA ESPAÑA**  
¡LO BUENO LO ELIGES TÚ!

**CERRAMOS LOS MARTES**

DISFRUTE DE NUESTRAS EXQUISITAS RACIONES DE POLLO CRUJIENTE, TIRAS, ALITAS, BROCHETA AL AJO Y PARMESANO, FAJITAS DE POLLO, BURRITOS DE TERNERA, CROQUETAS, EMPANADILLAS, CALAMARES Y CHIPIRONES...  
**VARIEDADES DE TOSTAS...**

CALLE DIEGO PAZOS 29, BAJO. SARRIA - TEL.: 982 876 706

**PIZZERIA PAPARAZZI**  
100% ITALIANI

**¡¡OFERTAS ESPECIALES!!**

-50% en la segunda pizza familiar  
-25% en la segunda pizza mediana  
Martes Familiar de Jamón o Bacon 8€

Servicio a domicilio Rúa Diego Pazos, 30 - Baixo Sarria 982 012 026

## Paseo guiado polo Concello o vindeiro día 12 de marzo

O vindeiro domingo, 12 de marzo, volven os paseos guiados e nesta ocasión será a actividade chamada #RedescubriendoOInicio.

A actividade será de 11.00 a 14.00 horas e nela percorrerase o municipio saíndo desde a Casa do Concello e chegando ata o mesmo punto.

Ademais, o guía encargado da ruta traerá un convidado especial, o historiador Xaime Fernández, co que os asistentes descubrirán todos os segredos do concello.



As persoas interesadas poden anotarse enviando un correo a [guidoguiaturismo@gmail.com](mailto:guidoguiaturismo@gmail.com) e pagando unha cota de 10 euros.

## Carme Aira foi elixida como a candidata do BNG á Alcaldía do Incio

A deputada por Lugo do Bloque Nacionalista Galego no Parlamento galego, Carme Aira, será a candidata á Alcaldía do Incio da formación nacionalista para as vindeiras eleccións municipais de maio.

Carme Aira foi elixida por unanimidade pola asemblea local do grupo político, a través dun proceso participativo e democrático.

“O BNG no Incio ten proxecto para avanzar e abrir un tempo novo no concello, por isto, somos a única alternativa que confía nas capacidades para poder desenvolver proxectos que melloren a vida da veciñanza e frear a despoboación”, declarou Carme Aira.

Así, destacou que lle dá “as grazas aos compañeiros e compañeiras por ter a honra de poder encabe-



zar este proxecto, no que imos poñer todo o empeño en desenvolver un proxecto de futuro co obxectivo de satisfacer co maior benestar á veciñanza, con servizos acaídos ao rural, e apostar por un sector primario de futuro”.

## Aprobado o orzamento municipal 2023 malia as abstencións

O Concello do Incio celebrou un Pleno extraordinario no que, entre outros asuntos, se aprobaron as contas municipais para o ano 2023. Os socialistas abstivéronse nesta votación xustificando o seu voto pola “falta de concreción dos investimentos que acometerá o Concello neste anualidade, partidas xenéricas nas que non se especificaron as obras nas que se actuará nin as prioridades que ten o executivo local”. Ademais instaron a que o Goberno local “adopte as medidas necesarias para abrir a estrada municipal de acceso de Vilademouros a Santalla, que leva máis dun mes cortada á circulación de vehículos por un desprendemento, o que conleva un trastorno para os veciños e usuarios deste vial que se se ven abocados a facer máis quilómetros e rodeos”.

Tamén solicitaron que se acondi-



cione o aparcadoiro das estatuas dos mamuts que a consecuencia das choivas provocaron que quedara intransitable.

Ademais, instaron ao executivo municipal para que puxera a disposición do recién creado Club de Lectura ‘Os Alfabetos’ de Trascastro os libros existentes na antiga sala de lectura municipal. “Resulta necesario que dende o Concello se facilite

e colabore no impulso dun proxecto ilusionante de fomento da lectura que nace no rural”, defenderon. Non se puido debater neste pleno a moción dos socialistas relativa á extensión do servizo de hospitalización a domicilio (HADO) ao Concello do Incio por tratarse dun pleno extraordinario, logo de que o executivo local non convocara o pleno ordinario correspondente.

## O Festival Terra Brava xa ten data de celebración para este ano

O Festival Terra Brava cumpre este ano o seu 20 aniversario e os organizadores xa desvelaron a súa data de celebración, que será o vindeiro 26 de agosto.

Este evento, que ten lugar todos os anos no Incio, está protagonizado por grupos de música tradicional galega, folk e rock.

Para esta edición de 2023 aínda non se saben todas as bandas convidadas, pero xa se confir-



mou que o dúo vigués Fillas de Casandra, achegará a súa música contemporánea e tradicional ata o Incio.

O festival Terra Brava é o festival de música máis antigo da comarca de Sarria. Nas súas anteriores edicións contou con sesión vermú, almorzo popular, actividades para nenos e, a noite, concertos de grupos tradicionais galegos.






**TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA**

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

**DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA**  
**TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052**



**SE VENDE**  
**MOLINO - VIVIENDA**  
 (En Sarria)  
**470.000 €**  
**IDEAL PARA**  
**VIVIENDA O NEGOCIO**




- Molino centenario en un entorno privilegiado
- A 10 minutos andando del centro urbano
- Espacio natural protegido
- 420 m<sup>2</sup> + 6.000 m<sup>2</sup> fincas

**¿BUSCA MONTAR UN NEGOCIO...? HABLEMOS**

**Tlf: 604 020 280**



**SARRIA,**  
unha comarca con sabor



**RIO LOYO**  
Restaurante

**Airexe**  
taberna

RESERVAS

619 873 918

982 195 979



Especialidade en tortillas  
Tablas de embutido  
Bacalao

Xornadas do cocido  
Tenreira Galega Suprema  
Menú do día

LUNS E MARTES PECHADO EXCEPTO FESTIVOS E VISPERAS

San Juan de Muro - Láncara



Reservas

Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697



Calle Compostela 61  
Samos - Lugo

Reservas: 982 546 052  
www.hotelaveiga.es



- TEMPORADA DE COCIDOS
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:  
Telf. 982 546 063



**A Fervenza**

CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel: 982 15 16 10 - info@fervenza.com

Abrimos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad  
Eventos y reuniones



**O MIRALLOS**

Comida Casera  
Cocidos por encargo  
Pollos camperos  
caseros  
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela  
RESERVAS:  
TEL: 639 010 696



## Val de Láncara organiza un curso de cerámica ademais doutras actividades

A Asociación Val de Láncara ten en marcha un curso de cerámica que comezou o primeiro sábado de febreiro e que se estenderá durante todo o ano.

A actividade, que se desenvolve entre as 20.30 e as 22.30 horas, ten lugar na antiga escola de Láncara, onde entre 10 e 20 persoas acoden para elaborar de forma artesanal figuras, utensilios e ferramentas de barro.

Aínda que xa comezou, as persoas interesadas en participar poden apuntarse cando queiran, podendo empezar ao ritmo que decidan.

O prezo de curso é de 15 euros para os socios da asociación e de 20 para os que non son socios e

para inscribirse poderase facer a través do número 691 175 650. Por outra banda, a Asociación Val de Láncara ten en marcha outras actividades como o curso de música tradicional, baile e canto con pandeireta, que se imparte os domingos a partir das 10.30 horas con grupos de nenos e outro de adultos. Este estase a desenvolver na parroquia de Carracedo, nas antigas instalacións do Concello de Láncara.

**MULLERES RURAIS.** A Asociación de Mulleres Rurais da Pobra de San Xiao organiza actividades como ximnasia de mantemento, pilates e manualidades para as mulleres de Láncara.

## O PSOE elixe a Darío Piñeiro como o candidato ás eleccións

Darío Piñeiro será o alcaldable polo PSOE nas vindeiras eleccións de maio no Concello de Láncara despois de que os socialistas de Láncara decidiran por unanimidade elixir como candidato ao actual alcalde do concello.

O rexedor aspira a ampliar a maioría acadada hai catro anos, contando "cun equipo consolidado e con experiencia de xestión que reforzará a súa candidatura e que irá dando a coñecer nas vindeiras semanas", explicou Piñeiro. Entre os seus obxectivos, subliñou, está "darlle continuidade aos importantes proxectos que están en marcha e que están a cambiar radicalmente a imaxe do noso Concello".

Neste sentido, lembrou que "Láncara recibiu no mandato da covid o maior investimento da súa his-



toria e iso vese e nótase na evolución do noso municipio", explicou. Por outra parte, argumentou que o rural será un dos eixos fundamentais para os próximos catro anos: "Imos volcarnos cunha aposta moi forte polo rural. Eu tiña esperanzas de que a Xunta se preocupara por iso, pero non fixeron nada, así que será a miña prioridade".

## O campo da feira da Pobra de San Xiao será mellorado polo Concello

O Concello de Láncara mellorará o pavimento das rúas da zona do campo da feira da Pobra de San Xiao co diñeiro do Plan Único da Deputación Provincial de Lugo.

Así, dos 297.420 euros que lle corresponde ao concello lancares deste plan provincial, dedicará 60.000 euros ao pavimento de rúas do barrio de Poidiña e do campo da feira, e investirá 95.217 euros en pistas do rural, como na parroquia de Bande.

Con respecto ás vías en Hervilar e A Se, na parroquia da Lama, o Concello investirá 46.997 euros, mentres que 50.910 euros serán para obras en camiños entre Toubille e Lama de Souto.



O Plan Único da Deputación de Lugo tamén contempla unha partida para a contratación de persoal, ao que dedica 48.881 euros e outros 20.864 euros para o Servizo de Axuda non Fo-

gar (SAF).

Por outra parte, tamén se mellorará a rúa Benigno Quiroga da Pobra de San Xiao cun orzamento de 180.000 euros e que financia a Deputación.

## Láncara contará cunha glorieta para entrar á Pobra de San Xiao

Habilitan en Láncara un novo acceso á Pobra de San Xiao debido ao comezo das obras para implementar unha glorieta que conecta a antiga estrada de Nadela a Sarria (LU-546).

Este acceso á Pobra fíxose a través da antiga vía do tren e da Praza dos Labregos, conectando coa rúa Rosalía de Castro e Ovisa Pavimentos e Obras ocupárase da colocación da sinalización, quen tamén é a encargada de construír a rotonda. Ademais, poderase continuar accedendo á localidade pola entrada pola LU-546 desde Sarria.

A rotonda, que xa estaba incluída no plan especial de infraestruturas e dotacións ferroviarias para a integración destas e as súas conexións coa trama urbana da Pobra, será construída en dous meses e situarase na antiga



vía do tren, na entrada á localidade desde Lugo, enlazando a estrada LU-546 coa rúa Benigno Quiroga.

**CONSTRUCCIÓN DA ROTONDA.** O proxecto das obras contempla a construción dunha glorieta de 33 metros de diámetro exterior, cun illote central de 19 metros, unha

calzada de seis metros e un beira-vías interior e outro exterior. Na rotonda haberá catro ramais, dous da estrada LU-546, un da rúa Benigno Quiroga e outro da rúa Antonio López Quiroga. O Concello buscará colaboración na Xunta de Galicia para abordar a posibilidade da súa axuda no financiamento das obras.

**CBD MEDICINAL ECOLÓGICO**

Especialistas en el dolor de huesos, músculos, fibromialgia, cáncer, varices...

SIN EFECTOS SECUNDARIOS

COMPRUEBALO POR TI MISMO

Rúa Calvo Sotelo 95. Sarria- Lugo  
Telf. 982 530 232

# CREADOS

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TÉCNICAS DE ESTUDIO

INFANTIL

PRIMARIA

¡Infórmate sin compromiso!

☎ Calvo Sotelo, 183 Bajo  
27600 Sarria (LUGO)  
☎ 626 21 86 28

ESO

# “Organizamos cinco actividades importantes”

José Soto é presidente da Asociación Patacas Novas

## Cando se fundou esta asociación e con que motivo?

Fundouse en 2015 a raíz de que un grupo de persoas nos xuntabamos na Pobra de San Xiao, Láncara, e organizabamos actividades entre amigos e veciños. Comezamos coa fogueira de San Xoán para darlle visibilidade ao que faciamos e que se apuntara máis xente. Así, unímonos administrativamente e actualmente somos 21 persoas asociadas que pagamos unha cota mensual para manter o local. A parte, cando hai actividades, as persoas que veñen pagan o que se require no momento, xa que non temos axudas de parte de ningunha administración: nin dos concellos, nin da Deputación, nin da Xunta.

## Que actividades organizades?

Facemos o mesmo todos os anos: polo Entroido facemos unha festa, logo en xuño organizamos o San Xoán, en agosto facemos unha quedada de motos polas festas de San Roque, en Samaín organizamos unha festa e ao longo do ano facemos rutas polo Camiño Real que pasa por Láncara desde Pedrafita para darlle visibilidade.

Fáltanos ademais facer un tramo de ruta que vai desde Reboredo ata Santa Comba que quedou pendente desde a covid hai tres anos.

## Onde vos xuntades?

Nestas actividades xuntámonos no local e organizamos a festa, e sempre acabamos cunha parte final gastronómica de comida, xa sexa cocido, churrasco, uns pinchos, unha espicha de viño...

## Cal é o obxectivo desta asociación?

O obxectivo desta asociación é darlle cobertura ás actividades que facemos os veciños de Láncara e que participemos todos de actividades colectivas organizadas pola xente do pobo.

## Tedes apoios institucionais?

Non temos axuda de ningunha administración, nin subvencións nin nada, nin tampouco colaboramos con entidades e asociacións de fóra de Láncara.

Só colaboramos con agrupacións de Láncara como Val de Láncara, Mulleres Rurais da Pobra de San Xiao, Esmorga... para facer cousas conxuntas que poñan en valor o municipio, que é pouco coñecido, como a ruta do Camiño Real.

## Tedes algunha iniciativa para incorporar no futuro?

No futuro non temos ningunha cousa distinta planificada ao que xa estamos facendo porque non temos marxe de manobra.

Os gastos son os que son e a cota que temos dos asociados dan para facer as actividades que temos previstas, se tiveramos axudas sería diferente e poderíamos pensar máis aló.



## Láncara acolle a XXIII Feira Degustación da Tenreira Galega o vindeiro 1 de maio

O alcalde de Láncara, Darío Piñeiro, deu a coñecer a data da vindeira Feira Degustación da Tenreira Galega o vindeiro 1 de maio no municipio, unha cita que celebra xa a súa edición número 23, que será precedida pola Festa dos Avós, o 30 de abril.

Neste contexto, o conselleiro do Medio Rural, José González, puxo en valor a Tenreira Galega Suprema nun evento na Casa de Galicia en Madrid acompañado do ministro de Agricultura, Pesca y Alimentación, Luis Planas.

A Tenreira Galega Suprema é un selo diferenciador e identificativo da carne que se produce en diversos sitios de Galicia, en concreto, e de forma continuada e como actividade destacable, en Láncara. A marca englobada dentro da indicación xeográfica protexida (IXP) Tenreira Galega, o indicativo de calidade de carne de vacún que máis certifica en España con case un 60%.

O titular de Medio Rural recordou que a Xunta vai facer unha campaña de promoción a nivel nacional en colaboración con dito consello regulador para aumentar a sensibilización e o consumo dos produtos co selo Tenreira Galega Suprema.

Pola súa parte, o ministro de Agricultura louvou o labor dos gandeiros detrás de selos de calidade como o de Ternera Gallega e a importancia da diferenciación para consolidarse nos mercados nacional e internacional.

Así, González comentou que o produto distinguido co selo Ternera Gallega Suprema é o que procede de explotacións tradicionais con base territorial, con vacas nais e no que se garanten 7 meses de lactancia, dentro da indicación xeográfica protexida Tenreira Galega.

GM300 Dormitorio en color nórdico, con cabezal de 135cm, amplias mesillas de 50cm de ancho y sinfonier con espejo vestidor. Posibilidad de otras combinaciones de colores, pida presupuesto.

**tu bienestar empieza AHORA!**

Por Sólo! **795€**

Ven a Visitarnos, Te esperamos!

**Muebles SINDIN**

VENTA DE MUEBLES EN GENERAL

PARADELA, Sarria (Lugo) - Fax: 982 541 297  
Telf.: 982 541 066 - Móvil: 609 944 676  
mueblessindin@gmail.com / www.mueblessindin.com

**OSO BLANCO**  
LAVANDERÍA AUTOSERVICIO

WWW.LAVANDERIASOSOBLANCO.ES

AHORA PUEDES **PAGAR CON TU MOVIL**

1. Descarga OSO BLANCO LAVANDERÍAS
2. Regístrate
3. Busca la Lavandería

POR CADA RECARGA DE **10€** TE **1€** RECALAMOS

Rúa Calvo Sotelo 20 SARRIA - LUGO  
08:00 a 22:30

Rúa Calvo Sotelo 199 SARRIA - LUGO  
08:00 a 22:30

## Xornadas abertas para coñecer o CEIP Eduardo Cela Vila



O CEIP Eduardo Vila acolle durante todo o mes de febreiro e marzo unhas xornadas de portas abertas para que os pais interesados en coñecer o centro educativo e o modelo de ensinanza poidan achegarse. Esta iniciativa desenvólvese para que os veciños coñezan como é unha escola rural que ten como proxecto 'Navegando polo río Oribio' e así apuntar aos nenos e nenas ao CEIP no vindeiro curso. O Eduardo Cela Vila pode visitarse entre as 9.45 horas e as 15.45 e conta con servizo de comedor e transporte, así como actividades

extraescolares para os pequenos de informática, inglés e piscina climatizada. Nesta escola, a aprendizaxe é individualizada, emocional e sostida na realidade mentres que o alumnado traballa en contacto coa natureza e se integran as familias. Ademais, trabállase conxuntamente co CEIP de Samos e o CPI Uxío Novoneyra do Courel por ser considerados tamén como escolas rurais. Para máis información, pódese contactar co número 982 828 289 ou no correo ceip.eduardo.cela@edu.xunta.gal.

## Unha carteira promociona Triacastela nun vídeo

Unha muller carteira da Unidade de Reparto de Samos foi escollida para promocionar, a través dun vídeo, o Camiño de Santiago e os atractivos de Triacastela.

Loli Veiga, a protagonista do vídeo, sentada no banco de entrada a Triacastela, mostra aos peregrinos do Camiño de Santiago que poden ver ao seu

paso por Triacastela, como o castaño de Ramil, unha árbore de 850 anos, o monumento ao peregrino, a cova Eirós, a igrexa de Santiago e o río Oribio. Este vídeo encádrase nunha serie de documentos audiovisuais de Correos para promocionar diferentes poboacións polas que transcorre o Camiño de Santiago.

**FONTANERÍA Y GAS VILAR VALCARCEL S.L.**

- AEROTERMIA
- SUELO RADIANTE
- BIOMASA
- INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n  
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449  
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

## Olga Iglesias, candidata á Alcaldía, afronta o reto con “ganas e ilusión”

Olga Iglesias, alcaldesa de Triacastela e candidata ás vindeiras eleccións polo Partido Popular do municipio, afronta estes meses anteriores “con ganas e ilusión”.

“Hai que vivir con ganas, ilusión e vocación porque queremos seguir traballando no pobo”, defende a candidata que, ademais, preside a Mancomunidade de Municipios do Camiño Francés. Así, di que en Triacastela trabállase e seguíase traballando en torno a tres eixos: política social; infraestruturas, que di “son boas e esperamos mellorar as traídas da auga dos núcleos do concello no vindeiro programa”, explica; “así como construír unha zona de solo industrial que está a piques de aprobarse”, sostivo.



E o terceiro punto é dedicado ao Camiño Francés ao seu paso por Triacastela, que “é importante fomentar e mellorar”. Tamén comenta que queren seguir promovendo o turismo con rutas e paseos guiados que non estean tan vinculados á peregrinaxe, pero

que “sexan relevantes para fomentar o turismo en Triacastela”. Por último, fixo fincapé na importancia de “potenciar a educación” tanto no colexio de Triacastela, como na Casa Niño e nas tres Casas do Maior coas que conta o municipio.

## O concello acollerá a súa primeira ruta enduro o sábado 25 de marzo

Triacastela acollerá a súa primeira ruta enduro o vindeiro sábado 25 de marzo.

O primeiro participante sairá ás 09.00 horas e sucederanse os demais ata ás 13.30 horas, cando haberá un descanso para tomar un café de campaña e un picnic, despois reanudarase a ruta ata ás 20.00 horas, cando chegará o primeiro participante.

Ás 21.00 horas haberá unha cea para poñer fin á ruta do polideportivo de Triacastela. Para máis información ou dúbidas haberá que poñerse en contacto chamando ao teléfono 622 459 549 ou man-



dando un correo a teamzen-non4x4becerrea@gmail.com.

## A feira mensual estivo acompañada da Furgoteca



Todos os 28 do mes, Triacastela celebra unha feira e, neste ocasión, coincidiu coa presentación da Furgoteca, un servizo moi demandado desde o Concello, xa que non contan con Biblioteca Municipal.

Así, Olga Iglesias, alcaldesa do municipio, dixo que espera unha gran afluencia de xente e colaboración por parte do colexio, Casa Niño e Casas do Maior neste servizo “necesario para a poboación dunha biblioteca móbil que virá dúas veces ao mes, unha o día 28, coincidindo coa feira”.

Esta feira que ten lugar cada mes tiña como orixe o obxectivo de vender o gando e o intercambio de produtos, pero desde hai un tempo van catro polbeiras para dar un servizo gastronómico e que “fai que veña moita xente”, sostén a alcaldesa.

“É bo para o pobo que se conserve esta tradición na que se pode conversar, mercar e tomar o polbo”, sostén.

**Peluquería Isolina**

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579



## A numeración da avenida de Compostela “levará tempo”

A numeración dos edificios da avenida de Compostela de Samos levará tempo, segundo explicou Julio Gallego, alcalde de Samos.

Tras a aprobación da moción o alcalde explicou que non é un proxecto que se poida levar de forma impulsiva.

Explicou que, debido a que hai solares sen numeración en medio de outros que xa teñen número e se corresponden con vivendas particulares ou edificios numerados, esta iniciativa cambiará o número daqueles inmobles que xa o tiñan.

Por isto, establece que será o próximo goberno o que teña que levar a cabo esta reforma.

## A vila contará cunha praza pública con vistas ao mosteiro

A partir deste mes de marzo comezan as obras do Concello de Samos para construír unha praza pública con vistas ao mosteiro e ao río, a cargo da empresa Jespa.

Este novo espazo está previsto que estea rematado en xuño e contará cun acceso desde a rúa Fontao e desde o paseo xunto ao río.

A praza ofrecerá unhas vistas “privilexiadas” ao monumento máis importante de Samos á abadía, como recolle o proxecto, que tamén contempla a elección do lugar, que engloba as características que identifican á localidade samonense, como son o río, o Camiño de Santiago e a natureza. Así,



este espazo xuntarase co paseo que bordea o mosteiro. Pola súa parte, os encargados de redactor o proxecto analizaron o terreo e deseñaron a praza en dous niveis para mellorar a adaptación

á pendente cara ao río e previron un aproveitamento da auga para crear fontes, estanques ou canles para a praza. A construción da nova praza foi adxudicada por 138.690 euros.

## O Concello rematou as obras de mellora da biblioteca

Xa está en marcha a biblioteca municipal de Samos tras a reforma para mellorar as instalacións e dar o mellor servizo posible aos cidadáns.

Entre as tarefas rematadas atópase a mellora da sala principal e a construción duns aseos trala a actuación de reparación das paredes, a instalación dun falso teito e a renovación do pavimento.

Aínda falta o mobiliario que depende de que o Goberno local consiga a subvención que permitirá dotalo de mobles, pero as instalacións están preparadas para acoller actos. Este inmoble tamén poderá ser empregado nun futuro para a celebración de reunións e outras actividades veciñais.

## O alcalde deixa a política e o seu fillo será o candidato do PP

Julio Gallego, alcalde de Samos, deuse de baixa do PSOE, co que gobernaba e non concorrerá ás próximas eleccións, pechando así a súa etapa longa na Alcaldía desde 2007.

Da mesma maneira, a súa muller, que era secretaria do PSOE, deuse de baixa como militante. Mentres, o fillo de ambos, Miguel Gallego, de 25 anos, será o candidato do PP á Alcaldía de Samos. Gallego decidiu apartarse e deixarlle camiño ao seu fillo dentro do Partido Popular.

O mozo, que estudou Administración e Dirección de Empresas e que leva a explotación gandeira familiar, substitúe como candidato do PP a José Fernández, quen é tamén deputado provincial.

## O tenente de alcalde será o alcaldable do PSOE ás eleccións

José Antonio García Jurjo é o candidato socialista á Alcaldía nas vindeiras eleccións municipais. O candidato é concelleiro no Concello de Samos desde o ano 2007 e a partir do 2011 asumiu as funcións de tenente de alcalde, promovendo diferentes iniciativas culturais e de recuperación do patrimonio de Samos.

García Jurjo explicou que só entende a política como “unha vocación de servizo público” e que o seu principal compromiso é “ escoitar a todos os veciños para intentar resolver os seus problemas reais, e gobernar para todos”.

Entre as propostas destacadas do

seu programa está a importancia de impulsar “o gran potencial de Samos, que é a gandería, o sector forestal e o turismo” apostando pola promoción do Camiño de Santiago.

No sector forestal e medioambiental considera imprescindible contar “cunha estratexia de prevención e loita contra o lume eficaz, que aposte pola limpa e o coidado do monte todo o ano.

No eido social, propón medidas para fixar poboación no rural, “con incentivos á natalidade, melloras no SAF e no coidado ós maiores, e a promoción do emprego”, concluíu.

## O portavoz popular denuncia o estado do Camiño do Couso

O Partido Popular lamenta que as vías municipais e as provinciais ao seu paso por este municipio non reúnan as condicións adecuadas.

Neste caso, José Fernández, representante do Partido Popular de Samos, centra a súa atención no Camiño do Couso, unha vía que, despois da última tempada de chuvias, quedou intransitable nalgúns tramos.

O Camiño do Couso “serve a Gosende e Fontearcudá, na parroquia de Lousada; tamén á parroquia de Montán, comunica con Zoó e sae cara a San Xil”, explica.

José Fernández di dar voz aos

veciños de Gosende, “que se queixan do pésimo estado no que se atopa esta vía e critican a falta de interese do alcalde de Samos, Julio Gallego, para resolver este problema”.

Así, o portavoz popular insta ao alcalde a adoptar canto antes as medidas necesarias para amañar o Camiño do Couso, que “é unha vía que constitúe un servizo importante para os residentes nos núcleos antes citados”.

Para instar ao Goberno local a mellorar esta pista, Fernández anuncia que presentará unha iniciativa na próxima sesión plenaria.



**ESPECIALISTAS EN REFORMAS Y REHABILITACIONES**

- CUBIERTAS DE PIZARRA
- COLOCACIÓN DE PIEDRA
- ESTRUCTURAS DE NAVES
- EXCAVACIONES Y TRANSPORTES
- OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698 



**ARQUITECTO TÉCNICO**

OFICINA TÉCNICA ARQUITECTURA  
XOSÉ BRAIS PEREIRO CHAOS  
arquitecto técnico

- PROYECTOS TÉCNICOS / DIRECCIONES DE OBRA
- COORDINACIONES DE SEGURIDAD Y SALUD
- CERTIFICACIONES / INFORMES
- TRABAJOS TOPOGRÁFICOS
- ASESORAMIENTO TÉCNICO EN CONSTRUCCIÓN URBANISMO

SARRIA (LUGO) T: 676 559 980

## o páramo

## O Plan Básico Municipal delimita 84 núcleos rurais

A Xunta aprobou o Plan Básico Municipal (PBM) do Páramo co que pretende impulsar unha ordenación responsable e sostible do concello, que ten menos de 5.000 habitantes, para garantir un territorio ordenado.

Segundo salientou a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, os PBM "son un aliciente para concellos rurais que, como é o caso do Páramo, se caracterizan por posuír un valioso patrimonio natural e cultural, e, ademais serven para impulsar un novo rural con actividades agrarias, gandeiras, forestais, tecnolóxicas, turísticas, culturais, etc."

No caso concreto do Páramo, este PBM delimita 84 núcleos rurais,

dos que 63 son tradicionais, un é común e os 20 restantes combinan ambas condicións.

Aínda que é unha aprobación definitiva, "hai que resolver unhas cuestións técnicas en materia de recursos hídricos e augas residuais derivados duns informes sectoriais".

Ademais, esta ferramenta urbanística tamén cataloga un total de 199 elementos do patrimonio natural e cultural do municipio: 31 arqueolóxicos, 166 arquitectónicos e 2 Bens de Interese Cultural.

O Concello do Páramo convértese, así, no cuarto municipio en contar cun Plan Básico Municipal logo da aprobación dos de Riotorto, Trabada e Ribeira de Piquín.

## O colexio do Páramo pide que se leven os nenos á escola rural

O CEIP do Páramo celebrou unha xornada de portas abertas para que os pais puidesen ver o tipo de actividades, metodoloxía e instalacións do colexio e así apostar ou non por apuntar aos seus fillos a esta escola rural.

Desde a Anpa, Mónica conta que o CEIP "é unha escola de aulas multigráo, que fan convivir a nenos de diversas idades nunha mesma clase", o que defende "é algo bo para o seu desenvolvemento con persoas e para ser máis sociables".

A escola ten unha ratio reducida, está nunha contorna natural, a súa

metodoloxía é de acompañamento respectuoso. Así, os pequenos medran de forma enriquecedora e aprenden axilmente, non só cuestións técnicas, senón tamén de convivencia cos demais e coa natureza, explica. Informou tamén de que hai un grupo de nove nenos e nenas que desfrutan dunha actividade de piscina nas instalacións do Complexo Deportivo e de Saúde de Sarria.

Estas e outras actividades forman parte do día a día deste colexio, que aposta por desenvolver cada vez máis actividades, a pesar de ser poucos nenos.



**DANIEL LAMAS**  
ELECTRICIDAD

**ELECTRICISTA COMARCA DE SARRIA**

- Videoporteros
- Cortes de luz
- Averías eléctricas
- Cuadros eléctricos
- Antenas de televisión

• Reforma de locales comerciais y viviendas

**PRESUPUESTO SIN COMPROMISO**

Boletines / Instalador autorizado

**Láncara**

**T. 620 560 981**

[www.electricistaenlugo.com](http://www.electricistaenlugo.com)



## paradela

## O alcalde di que "hai que recuperar o tradicional do municipio"

O Concello espera que comencen axiña as obras do núcleo tradicional do municipio, que forman parte da aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Consellería de Medio Ambiente.

José Manuel Mato, alcalde de Paradela, valora moi positivamente "recuperar o tradicional na capitalidade, na zona de Pacios de Paradela". Así, dixo que se actuará onde "están as casas máis tradicionais e nas prazas para recuperar a zona e os servizos, como os bancos para que senten as persoas que dean un paseo por aí".

Ademais, comentou que intentárase recuperar o edificio do antigo concello, que era de propiedade privada, así como outros edificios que forman parte de Paradela. "Só falta a licitación das obras e a posta en marcha da construción e mellora da zona", explicou.

Esta zona é, segundo o alcalde, de grande importancia para os veciños e ten "un alto valor patrimonial", que conta con "magnolios preciosos que poden ter ata 500 anos de antigüidade e que se atopan no co-



razón do pobo".

Por outra parte, din que con respecto do Plan Único, seguen esperando pola confirmación da Deputación de Lugo para executar obras nas diversas parroquias de Paradela.

**ruta río loio.** Continúan os traballos para analizar o custo e as obras a implementar na ruta do río Loio de Paradela despois dos temporais de xaneiro. O alcalde xa estimara en xaneiro que os danos ocasionados polos temporais poderían ascender a máis de 500.000 euros e recentemente confirmou de novo esta cifra

ao explicar que se destruíron tres pontes, ademais da situación das árbores caídas no río.

Di que están esperando os permisos correspondentes para poder acometer as melloras desta ruta "tan importante para Paradela", xa que está pegada ao Camiño de Santiago e "isto prexudícanos a nivel turístico e gastronómico", xa que "vén menos xente se a ruta está inutilizable", argumentou.

A intención do Concello é levar a cabo as obras de reconstrución e acondicionamento do río antes de Semana Santa..

## José Manuel Mato volve presentarse como candidato do Partido Popular á Alcaldía

O alcalde, José Manuel Mato, presentárase ás eleccións municipais de maio para volver representar ao PP no municipio.

Se sae elixido, cumprirá o seu duodécimo mandato como alcalde de Paradela, xa que leva desde o ano 1979 ao mando da localidade.

O popular José Manuel Mato é unha das figuras máis representativas do Partido Popular en Lugo, xa que leva varias maiorías



absolutas nas diversas eleccións ás que se enfrontou.

## Empresas do viveiro comezarán a funcionar en marzo

O alcalde de Paradela, José Manuel Mato, anunciou que durante este mes de marzo poñeranse en funcionamento tres das cinco empresas que forman parte do viveiro de Paradela. Este solo industrial quedou completo o pasado xaneiro despois de que se incorporase o último negocio, unha empresa de maquinaria agrícola, ao quinto local que estaba pendente de cubrir. Os cinco locais contan con todos os servizos necesarios para levar a cabo a súa actividade económica.

## Xornadas de Portas Abertas no CEIP

O CEIP Plurilingüe San Miguel de Paradela organiza unhas xornadas de portas abertas desde o 27 de febreiro ao 3 de marzo.

Nestas, os pais interesados en levar aos seus fillos e fillas a este colexio poderán ver as instalacións, coñecer aos profesores e saber como é o traballo nunha escola rural.

Para solicitar unha cita e ir ao cole, pódese chamar ao número 982 870 631.



**¡UNIKA LLEGA A SARRIA!**  
MODA, CALZADO Y COMPLEMENTOS A SOLO 10€, 15€ Y 20€

TEL.: 982 831 610

Síguenos: [instagram.com/unikasarria](https://www.instagram.com/unikasarria)

ESTAMOS EN PLENO CENTRO, FRENTE AL GADIS • RUA DA LIBERDADE 84

# DEPUTACIÓN

## A Deputación esixe á Xunta que actúe para mellorar a sanidade

A Deputación esixe á Xunta de Galicia que atenda as reclamacións da sociedade galega sobre as melloras necesarias na sanidade pública. Así se acordou tras unha moción presentada polo PSdeG no Pleno ordinario do mes de febreiro, que saíu adiante cos votos a favor dos socialistas e do BNG.

A voceira socialista do Goberno provincial e Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, lembrou que “o pasado 12 de febreiro a sociedade galega saíu á rúa para manifestar o seu desacougo coa situación da sanidade pública”, unha expresión “de rexeitamento, descontento e malestar social”.

García Porto expuxo que os facultativos con sobrecarga de doentes, os responsables dun PAC co cadro de persoal en mínimos, ou os familiares de doentes en listaxes de agarda non se xuntaron na praza do Obradoiro de Santiago de Compostela para facer política. “A manifestación do día 12 foi un resumo das queixas que se veñen rexistrando nos últimos anos por mor das políticas de recortes e mala xestión do PP”, sinalou, cualificando de “decepcionante” a resposta do Goberno galego. En concreto, apuntou a voceira socialista que o Presidente da Xunta non estivo á altura, utilizando a cita do Coido de Lalín para esquivar as reclamacións sobre a Sanidade, nun comportamento que tachou de “insolidario e irresponsable”.

No debate, García Porto defendeu que os socialistas teñen o compromiso “firme e inalterable” de defensa dos servizos públicos e lembrou que “ao longo deste mandato que está a piques de rematar, trouxemos a este Pleno de xeito reiterado iniciativas que recollían as necesidades dos e das cidadáns da nosa provincia”.

A Deputación reclama agora ao Goberno autonómico a elaboración dun plan urxente de melloras na Atención Primaria que inclúa o compromiso de dedicarlle o 25% do orzamento sanitario tal e como recomenda a OMS; a elaboración doutro plan urxente para a Atención Pediátrica e para reducir as listas de espera; o compromiso de convocar cada ano o 100% das prazas MIR autorizadas polo Goberno do Estado; a recuperación dos cadros de persoal dos PAC e centros hospitalarios afectados polos recortes; o deseño dunha política de persoal que cubra as baixas; e o fin da política de temporalidade dos profesionais.



## Cooperación con concellos e colectivos

A Deputación aprobou durante o Pleno, cos votos a favor dos grupos do PSdeG e o BNG, a incorporación de remanentes de tesourería ao Orzamento 2023 da Deputación de Lugo por un importe de algo máis de 5M€. Unha cantidade que servirá para reforzar a cooperación cos concellos e co tecido asociativo da provincia, segundo explicou a Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez, quen apuntou que se trata de algo “fundamental para o desenvolvemento do noso territorio, porque tradúcese en contribuír na mellora dos servizos que ofrecemos ós nosos veciños e veciñas”.

García Bermúdez desgranou as aplicacións orzamentarias do suplemento de crédito, que ascende aos

5.097.822,52€. En concreto, García Bermúdez sinalou que estes fondos estarán destinados á promoción cultural, á mocidade, aos deportes, ao medio rural, ao turismo, á atención aos cidadáns e ás entidades locais.

Tamén defendeu a “utilidade” da acción do Goberno provincial poñendo como exemplo o traballo en materia de benestar social ou de mobilidade, sinalando que “neste mandato puxemos a disposición da cidadanía 271 prazas de atención asistencial para maiores e estamos á espera doutras 29, cando a Xunta nos conceda o PIA do centro de Ribas de Sil”, un servizo co que “xeramos 172 empregos directos”. Engadiu que “fomos quen de amañar 400 km de estradas provinciais destinando 22M€”.



## Reeditan o Premio ao Turismo Sostible

A vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presidiu a primeira reunión do ano deste órgano participativo e consultivo da Deputación. A proposta da institución provincial, os asistentes aprobaron a reedición do Premio ao Turismo Sostible, creado na pasada edición dos galardóns á excelencia turística e gastronómica coa finalidade de recoñecer iniciativas que contribúan á sustentabilidade turística no eido social, económico e medioambiental.

García Porto destacou a importancia de manter este recoñecemento, que “reforza as liñas de traballo que impulsamos dende a institución provincial para consolidar un modelo de turismo de calidade e sostible, con capacidade para atraer visitantes durante todo o ano, que pon en valor o patrimonio e que contribúe a xerar riqueza e emprego, sobre todo no rural”.

“En 2022 apostamos por crear este galardón de xeito puntual

como organizadores do VIII Foro Cidades e Territorios Creativos de España, do que fomos anfitrións como gañadores da Copa de España Creativa, pero creemos que mantelo no tempo é unha oportunidade para todas as empresas e entidades da provincia”, explicou. Na primeira entrega do Premio ao Turismo Sostible, foi recoñecido o proxecto das Cabanas das Chousas polo seu labor de coidado e protección do medio ambiente co uso de caldeiras de biomasa, o bo mantemento do espazo para a prevención dos incendios forestais ou a instalación de contedores de reciclaxe. As Cabanas están situadas a varios metros do chan, nun bosque autóctono e están totalmente mimetizadas e integradas co entorno.

O Consello Provincial de Turismo é un órgano participativo e consultivo creado pola Deputación para promover accións en impulso do destino turístico da provincia. Está formado por 24 persoas relacionadas co turismo lucense representando a entidades, institucións e asociacións.

### ALBORADA

CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- MEDICINA GENERAL
- LABORATORIO
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN
- PELUQUERÍA

y mucho+

URGENCIAS 24H  
**646 046 954**

WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59  
Rúa Caneiro, 1-3, baixo · 27600 · Sarria · Lugo

## maderas grandas

MADERAS Y DERIVADOS  
PUERTAS  
ARMARIOS  
COCINAS Y COMPLEMENTOS  
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)  
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731  
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

# COLABORACIÓN

## O Chat GTP pon en risco o sistema educativo?

O PUPITRE



Julio Díaz

**C**hatGTP é un chatbot, é dicir un robot de conversación, capaz de responder a preguntas e peticións expostas nunha linguaxe natural. Está baseado nun modelo por Inteligencia Artificial GPT-3 desenvolvido pola empresa OpenAI de Elon Musk. É un modelo con máis de 175 millóns de parámetros, adestrado con enormes cantidades de texto para realizar tarefas relacionadas coa linguaxe, desde a tradución ata a xeración de textos.

Trátase dunha intelixencia artificial que está adestrada para manter conversacións, de maneira que só tes que exporlle preguntas de maneira convencional e as entenderá, pois este revolucionario sistema é capaz de comprender a linguaxe coloquial e facer preguntas para obter información adicional sobre un tema. Estas características fan deste chat unha ferramenta moi útil, xa que pode darche unhas respostas moi acertadas e completas, mesmo de varios parágrafos. Ademais, nestas respostas é capaz de expresarse de maneira natural e con información moi exacta.

ChatGTP pode utilizar toda a información ao seu alcance almacenada na internet ata decembro do 2021 para devolver textos elaborados en só uns minutos ofrecendo unha vía ilimitada para os alumnos á hora de elaborar todo tipo de traballos.

A resposta, eficacia e verosimilitude coa que funciona ChatGPT fai que sexa moi sinxelo introdu-


cir varios datos craves no sistema e que devolva un completo e moi elaborado texto que nos resultará moi dificultoso diferenciar dun feito polo propio alumno.

Todos nos preguntamos onde irá parar esta gran innovación do ChatGTP, entendendo que chegou para quedar, polo que nos tamén debemos adaptar a nosa forma de ensinar ante este novo desafío. Debemos tomar nota e evolucionar como xa o fixemos coa calculadora, cos tradutores, con Google, ... ou mesmo, o que fixemos coa problemática vivida no peor da pandemia e noutras múltiples ocasións nas que o noso colectivo foi capaz de demostrar unha capacidade envexable de adaptación.

Engadir por último, que o deseño do ChatGPT non ten aínda unha versión final perfeccionada, está en fase de probas. Os seus creadores están a estudar a posibilidade de ofrecer unha ferramenta complementaria que nos permita detectar os textos elaborados por esa IA. Sería unha marca que nos permitiría detectar os documentos elaborados polo chat. Seguramente, como todos estamos a imaxinar, esta ferramenta será de pago. Nos, os docentes, mentres se perfecciona dita ferramenta, seguiremos tomando as medidas pertinentes para que non se faga un uso fraudulento da mesma. O que deben saber os nosos alumnos é que os docentes temos o mellor detector de fraudes elaborado ata o momento, que non é outro que, "o coñecemento das súas capacidades", sabemos quen é capaz e quen non á hora de examinar un traballo realizado por eles. A tecnoloxía avanza e NÓS TAMÉN.

## Festivaleo

CULTURA



Rebeca Maseda

**V**enecia, Cannes, Berlín, San Sebastián. Catro cidades fascinantes. Catro cidades de cine. Estas localizacións privilexiadas son sede de cadanseu festival de cinema, e non dun calquera, non; todos eles forman parte da meca dos festivais internacionais vencellados á sétima arte. Nestes tempos de "listas para todo", non teñades nin a menor dúbida de que estes catro eventos están presentes, e moi arriba, no "top 10" dos mellores festivais do mundo.

Glamour, talento, calidade, moda. Ideas que afloran na nosa cabeza cando pensamos nun evento deste tipo. A gran familia do cinema, directoras e directores, actrices e actores, produtoras e produtores, guionistas, persoal técnico, etc.; a familia invisible que transforma un festival nunha auténtica festa do cinema onde cada pequeno detalle forma parte dunha engrenaxe ben engraxada, organizadores, xornalistas especializados, provedores, etc. Nin me imaxino a cantidade de traballo – previo e posterior – que hai detrás dun evento de tal magnitude e..., que pracer e que fantasía poder deleitarnos co resultado final, sexa ao vivo ou incluso a través da pantalla.

"Mostra Internazionale d'Arte Cinematografica della Biennale di Venezia". Primeira edición en 1932, o máis antigo dos catro. Venecia. Palazzo del Cinema. Leone d'Oro, Leone d'Argento e Copa Volpi. A Mostra pretende promover a difusión do cinema



internacional en todas as súas formas de arte, entretemento e industria cun espírito de liberdade e diálogo, incluíndo ademais unha sección dedicada á posta en valor das operacións de restauración de películas clásicas, contribuíndo así a un mellor coñecemento da historia do cinema. A cidade dos canais e as góndolas, tomar un "espresso" na Piazza San Marco, cruzar o Rialto, escoitar a Vivaldi ou contemplar un Tiziano. Caderno de bitácora para calquera viaxeira ou viaxeiro en terras venecianas. "Festival de Cannes". Primeira edición en 1946. Cannes. Palais des Festivals et des Congrès. Palme d'Or. O Festival sempre se mantivo fiel á súa vocación fundacional que é visibilizar e apoiar obras de calidade para fomentar a evolución do cinema, favorecer o desenvolvemento da propia industria e proxectar a sétima arte a nivel internacional.

Unha das xoias da Costa Azul, lucirse polo Boulevard de la Croisette, navegar ata a île Sainte-Marguerite ou perderse polas súas rúas ateigadas de tendas "très chic" e con aroma de lavanda.

"Berlinale". Primeira edición en 1951. Berlín. Berlinale Palast.

Goldener Bär (Oso de Ouro) e Silberner Bär (Oso de Prata). A Berlinale é un lugar único de exploración artística e entretemento. Estamos a falar dun dos festivais públicos de cinema máis grandes do mundo que atrae a decenas de miles de visitantes cada ano. Para a industria cinematográfica e os medios de comunicación, os once días de febreiro son tamén un dos eventos máis importantes do calendario anual e un foro comercial indispensable. A cidade dividida por un muro, facerse unha foto no Checkpoint Charlie, cruzar a Porta de Brandeburgo, perderse na Illa dos Museos ou comerse un kebab delicioso. A Berlín cosmopolita e "cultureta".

"Donostiako Zinemaldia". Primeira edición en 1953. Donostia – San Sebastián. Kursaal. Concha de Ouro e Concha de Prata. O Festival é o gran evento cultural da capital guipuscoana e o motor da estreita relación da cidade co cinema. Grandes nomes do sector aparecen xa vencellados a Donostia que, por outra banda, sempre remata por namorar a calquera visitante: Federico Fellini, Audrey Hepburn, Alfred Hitchcock, Jean

Luc Godard, Sophia Loren, Luís Buñuel, etc. As estrelas internacionais chegan a diario durante o festival e adoitan mesturarse con donostiarrais, turistas e foráneos, xerando unha gran expectación. A cidade con maior número de Estrelas Michelin por metro cadrado, pasear pola Concha, deleitarse coa panorámica dende o Monte Igueldo, salivar vendo a barra cheiña de "pintxos" nun restaurante da zona vella, tradición e modernidade fusionadas en total harmonía.

De como soñar mil vidas e contar mil historias.



## Canto dura un para sempre?

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**A** costumamos a prepararnos moito para as primeiras veces, o debut co primeiro equipo, unha entrevista de traballo, o día que coñecemos á nosa familia política, pero ninguén nos prepara para as últimas, pode que por iso eu non saiba despedirme. E que complicadas se tornan en certas ocasións, sobre todo, cando non sabemos que son as derradeiras. Do mesmo xeito que di o meu amigo D. que se non ensinasen a perder, gañaríamos sempre. Non aplicable ao equipo local, porque os ver-

des levan catro xornadas sen gañar, pero neste caso, si son catro xornadas perdendo, pola ausencia de ganas. As cousas como son, ata nos fan aos demais perder a ilusión e mesmo a fe nun equipo que apuntaba maneiras. Porque si, na derrota é onde se ven as boas persoas, e malia que nos pese, falta moito por aprender.

Pode que M. teña razón, e o noso erro como sociedade que evoluciona sexa a perda de seriedade. Hoxe, coma de costume, erguíme cedo na miña teima por alargar o día que máis me custa de toda a semana, o domingo. Coido que un trauma apousou na miña alma, e recordo con especial tristeza cada tarde de domingo que tiña que marchar para Santiago, conto que esa teima me vai a perse-

quir mesmo ata cando esté xubilada, se eso existe por aquel entón. Deus mediante, diría a avoa. Un día frío, e porén feo a partes iguais. Pero como habitualmente, fun ata a Residencia, porque malia que o meu párroco me diga que "vellería non ten cura", acostumo a ir alí e sentirme en familia. Moitas veces non ten razón, pero outras tantas si, coma cando os nenos preferiron pasar a tarde na festa de entroido e non vir unha hora a catequese e véndome triste me consolou dicindo: Tranquila, tamén traicionaron a Nuestro Señor a cambio de 30 moedas. Todos temos faltas, e pode que unha de tantas miñas sexa esa. Sentamos no bar de en fronte, e noteino especialmente triste. Axiña comezaron as bágoas a esvarar por

unha pel de noventa e moitos, que pasarían por setenta e poucos. Porque como dixen ao comezo, non nos preparan para os finais. Pasamos dúas horas falando, e entre mentras, ía contándome a súa historia de amor con G. Ao mesmo tempo que me falaba do moito que cambiou o concepto da duración. Agora un ata sempre dura como moito un anaco pequeniño. Estamos fartos de que nos falen de que fai anos, as cousas que merecían a pena e rompían se trataban de arranxar antes de tiralas, pero cústanos moito poñelo en práctica. Non só as cousas materiais, senón os afectos. Axiña tildamos de imperdoable aquilo que tan só nos lastimou un pedaciño. E enchemos o orgullo antes que

a razón.

Unha das preguntas do cuestionario Proust é: cal é o teu ben máis preciado? Non me cabe dúbida do que contestaría el. Cando coñeceu a G. axiña ela soubo o moito que ía significar aquel home para el. Hai palabras que quedan para sempre, e polo emotivo do momento cheguei ao partido do Viveiro chorando coma unha meniña pequena, porque endexamáis se me vai esquecer o que poñía na parte de atrás daquela primeira foto que ela lle entregou: "Siempre tuya, hasta la muerte". E así foi, porque aínda queda xente que cumpre o que di. Agardo non esquecerlo nunca, porque é ben certo iso de que non morre aquilo que non se olvida.

## Tempo de Entroido

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**N**un anterior número do xornal, nesta mesma columna, aludimos aos diversos actos que teñen lugar durante o nadal, tamén nas zonas rurais, onde se pretende na medida do posible xerar un ambiente de alegría, tratando de contaxiar o entusiasmo das datas no conxunto da poboación, desde nenos ata vellos, pasando pola xuventude e mediana idade. E claro que si, agrádecese observar durante as últimas semanas do ano vello e as primeiras do novo esas luces de cores que chaman a atención, as cabalgatas de reis, os mercados navideños, representacións de beléns e demais que contribúen a dar movida entre a veciñanza de vilas e aldeas.

Pois apenas 40 días despois, outra efeméride, esta moito máis pagá, ten lugar, O Entroido. Sen a duración das festas navideñas, este tamén se caracteriza polas comidas copiosas; os cocidos contundentes, logo das matanzas, póñense enriba da mesa. As partes do cocho son devoradas sen piedade, acompañadas deses grelos e caldo de navizas, para rematar cos típicos postres de orellas e filloas. Se un dos propósitos mentres comíamos as uvas coas baladadas era facer dieta, nestes días ráchase por completo. A ver logo na cuaresma se lle damos unha tregua, despois de realizar as correspondentes análises médicas, nas cales o máis probable é que nos indiquen que nos estamos pasando un pouco. E a esa característica gastronómica cómpre engadirle o aspecto lúdico e festivo que rodea O Entroi-

do. Reiteramos de novo, unha e outra vez, aínda que cheguemos a ser cansinos, ao despoboamento e avellentamento da poboación rural galega, o que leva consigo que non se produza o desexado relevo xeracional, incidindo na perda de costumes que estaban tan arraigadas nas nosas comunidades. A calquera persoa maior pódelle escoitar o que significaba esta época do ano, onde existía o hábito de disfrazarse, escollendo modelos que non precisaban de moita elaboración e nos que non se investía nin un patacón; as máscaras saían polos camiños, sendo recibidas en tódalas casas, nas cales comían e bebían. A colaboración veciñal era completa, contaxiándose todos desa alegría. Na nosa bisbarra temos que recoñecer que os carnavales non teñen tanta significación como noutras partes do

País, por exemplo a Ribeira Sacra ou Ourense. Mais aínda así, con maior ou menor intensidade, sempre se celebraron. Nos últimos tempos, agás os tres anos de pandemia, que todo o afectou, observamos como se intenta reanimar esta festa tan galega, tan nosa. Vemos que os concellos organizan actividades, as asociacións de veciños e por suposto, os colexios. Así, podemos visualizar chamativos desfiles e concursos de disfraces, desenfadados bailes. E todo vale se é por boas causas, como dinamizar as zonas rurais, fomentar a participación da xente nos actos e a colaboración entre as distintas xeracións. Por suposto, todo elo coa finalidade de disfrutar, porque a vida pasa moi axiña e convén, a poder ser, vivila con ledicia. O Entroido é unha desculpa para elo. Que non se perda e que continúe.

O RECUNCHO DE CANELINA



**CANBIAMOS HORARIO**



**ESTANCO LA SUERTE**  
(Antiguo Genin)

**Rúa Matías López nº 4**  
**SARRIA**  
Telf. 982 530 644



**LUNES a SÁBADO**  
horario interrompido de 7,30 a 21,30 h.

**DOMINGOS:** de 9 a 14 horas

**Loterías • Prensa • Artículos de regalo**  
**Complementos para el peregrino**

**PARA SERVIR MEJOR**  
**A NUESTROS CLIENTES**

**CARPINTERÍA METÁLICA**



- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS



**CAMIÑO FRANCÉS**

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo) • Tel.: 672 149 386 / 982 009 270  
caminofrances.aluminios@gmail.com

# DEPORTES

## “O snooker é unha actividade diferente que dinamiza Sarria”

Juan Pedro Durán López é o presidente do Club de Billar Snooker Sarria

### Como xurdiu a idea de crear este club?

É de recente creación, en agosto de 2022 dimos o paso e presentámolo oficialmente na corporación municipal co alcalde e o concelleiro de Deportes. Eu estou relacionado co billar desde hai anos, xa que competía en billar como un hobby en categoría alta. O *pool* americano de Sarria tivo unha época boa de xente que participaba e gozaba e competía a nivel galego e nacional en bares da man da Asociación Galega de Pool. Esta disciplina vai decaendo, houbo

nas dúas vertentes: *pool* americano e *snooker*. Así, a mesa de snooker púxena eu e a de *pool* é de Diego Rey, que ademais é xogador de fútbol na SD Sarriana. Agora, estamos instalados na antiga fábrica de fécula propiedade do Concello de Sarria, que nola cedeu e nos apoiou no noso proxecto.

### Poderías explicar para quen non o saiba, que é o snooker?

O *snooker* é a modalidade raíña do billar. Igual que as artes marciais teñen varias vertentes, como o karate, o judo, o aikido...

metral grande para moverte, sobre un 50 metros cadrados. A medición oficial da mesa de *snooker* é de doce pés, pero ten oito patas, non doce, que a xente ás veces confúndese. A mesa de snooker é un luxo, en toda Galicia hai tres mesas, unha en Sarria, outra en Teo e outra nun bar que cobra 15 euros a hora.

### Que facedes no Club de Billar Snooker Sarria?

Só temos dúas mesas, polo que non podemos traballar como outros clubs que teñen máis mesas e captan socios e poñen diñeiro,



que queiras, de luns a venres. Eu son o encargado de impartir esa clase de especialización para mellorar a técnica dos xogadores, que non veñen xogar unha partida, senón a aprender. Para xogar, van a un bar.

### Sodes sede da Liga Nacional de Snooker, como vos sentides?

Nós, ademais de ser Escola Deportiva, somos a sede da Liga Nacional de Snooker, xogamos na Liga Nacional de Snooker e noutra liga provincial de *pool* americano.

Ao ser sede nacional da asociación LASE nivel nacional, oito xogadores de toda Galicia xogamos a primeira fase da liga de setembro ata marzo no noso club. Os tres mellores dos oito ímonos a Porto, en Portugal, á final. Mentres, eu, tamén compito a nivel individual por España de *pool* americano e de *snooker* en representación do club e proximamente estarei nos campionatos de Europa en Malta en nome do Club de Billar Snooker de Sarria, despois de ter conseguido o bronce no máximo nivel nacional. Neste campionato de Europa, onde estarán os mellores xogadores de cada país europeo, está en xogo conseguir unha tarxeta para o circuito profesional de snooker, tamén chamada Tour Card, o

que fai realmente difícil ser finalmente o campión, con preto de 200 participantes na categoría absoluta. Así, atopáronos con xogadores que xa foron profesionais pero actualmente xa non teñen esa condición.

### Como é a reacción da xente con respecto a esta mesa única?

Vén moita xente a aprender *snooker* e a disfrutar deste deporte. Ademais, desde que abrín o club, moitas persoas chámanme e dinme que consumen contido de Eurosport e que queren vir a ver a mesa e o difícil que é este deporte. Concretamos unha cita e veñen a vela e alucinan.

### Como valorades o apoio institucional?

Valoramos de forma positiva o apoio por parte do Concello de Sarria, que nos deixou unha habitación na fábrica, pero pedimos aos políticos en xeral que sexan empáticos co cidadán. É importante que escoite e que saiba transmitir as posibilidades reais da capacidade do Concello de realizar algo: diferenciar entre o que poden facer e o que o cidadán pide, sendo sincero, non vendendo a moto.

### Que proxectos tedes no futuro?

Aínda non puidemos facelo porque acabamos de comezar, como quen di, pero queremos facer campaña polos colexios o ano que vén para conseguir que se apunten nenos. Agora temos oito alumnos que veñen un día concreto e aprenden e perfeccionan, pero son xogadores concretos, non temos xente de colexios e gustaríanos facer clases para máis xente. É importante dinamizar outra actividade na que o cidadán teña outra opción distinta ao que se ofrece no municipio e crear escolas deportivas en colaboración co Concello é unha boa forma de facelo.



xogadores como eu que seguimos competindo, pero por distintas circunstancias eu fágome cunha mesa propia de *snooker* e a partir de aí xorde a idea. A miña idea foi apoiada por outros xogadores que dicían de montar un club e a intención foi ter un sitio, tanto os que seguimos xogando como os demais cidadáns, de gozar do brillar

O billar tamén, as máis relevantes son o *pool* e o *snooker* e, desas dúas, o *snooker* é o máis profesional. Tanto é así que este deporte é o máis visto na cadea televisiva Eurosport. A mesa de *snooker* é case catro veces máis que unha de billar que te atopas nun bar. É de dous metros por catro metros e para poder xogar nela necesitas un espazo peri-

porque cando chegan dúas persoas xa se solapan. Entón, aquí da forma na que se pode vir participar é como unha escola deportiva na que alguén vén a clases acompañada dun monitor e a unha hora determinada. Cóbrase só 5 euros de clase de hora e media personalizada na modalidade que ti queiras: reservar o día que queiras á hora

**V.A.**  
**Vazquez Autos**

**pelayo**  
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126  
27600 - SARRIA (Lugo)  
Tel. / Fax: 982 530 707  
Móvil: 669 199 533  
vazquezautos@hotmail.com

**PINTOR**

**PINTURAS - BARNICES**  
**PERSIANAS**  
**PAPEL PINTADO**  
**TARIMA FLOTANTE**  
659 767 936

**HOGAR**  
**CORTINAS - STORES**  
**RIELES**  
**ALFOMBRAS**  
**EDREDONES**

C/ Benigno Quiroga,  
93-95, bj - 982 533 497  
**SARRIA (Lugo)**

**PINTURAS HOGAR**  
**LATAS**  
tel.: 659 76 79 36

## A V Carreira da Muller Vivas e Iguais terá lugar o sábado 11 de marzo

O Concello de Sarria vén de abrir o prazo de inscrición para participar na sexta edición da Carreira da Muller 'Vivas e Iguais', que se disputará o sábado 11 de marzo, a partir das 18.00 horas para as corredoras da modalidade de cinco km e, a partir das 18.10 horas, a andaina.

A proba absoluta correrase sobre un circuíto de asfalto e sendeiros de area de cinco quilómetros de lonxitude, mesturando zona urbana e natureza, e sen moito desnivel. A saída situarase no bulevar da rúa da Liberdade, á altura de Catro Camiños en dirección a Samos, para despois xirar á dereita pola rúa Castela e, no cuartel da Garda Civil,



seguir cara a Ponte das Aceas, para logo volver pola zona do campo de fútbol ata a estrada de Monforte. Desde alí, volverase de novo á rúa Castela, seguirase cara ao pavillón, a piscina e cruzarase a zona do Ho-

tel Alfonso IX ata atopar a meta no Malecón.

A inscrición é de balde e poderase realizar ata o día 9 de marzo a través da páxina web CCNorte e Sarria Corre. Os primeiros 500 inscritos recibirán como agasallo unha camiseta técnica coa imaxe do evento.

En canto ás categorías e premios previstos, na modalidade de 5K recibirán un trofeo as tres primeiras clasificadas feminino e masculino dos seguintes grupos: Júnior (12 a 15 anos), Promesa (16 a 19 anos), Sénior (20 a 34 anos), Máster 1 (35 a 44 anos), Máster 2 (45 a 54 anos), Máster 3 (55 a 64 anos) e Máster 4 (de 65 anos en adiante).

## O primeiro Rally Vila de Sarria será o 30 de abril

Club Clásicos Sarria anuncia que a primeira edición do Rally de Regularidad Vila de Sarria 2023 vaia celebrar o vindeiro 30 de abril, que cae a domingo.

Nas súas redes sociais xa adiantaron varias novidades: haberá control localización GPS, contará con tramos de mañá e tarde, incluírá almorzo, café de media mañá e comida e haberá recordos para todos os participantes e entrega de trofeos.

Ademais, esa fin de semana terá lugar tamén a XXVI Feira de Antigüidades e Restauración de Sarria e a presentación da II Edición do Festival Sarria Blues no Camiño.



## Mantendo o nivel

Por Adrián Fernández.

Estamos chegando ao final da liga regular e os equipos do C. B. Sarria seguen a manter un boa posición en case todas as categorías.

Coma sempre comezamos pola categoría Premini onde os equipos masculinos teñen semellantes resultados, os dous están cun balance de 2 vitorias e 2 derrotas, o Corbar Sarria 4º no grupo A empatado con Ensino blanco e o María Martínez dental 3º no grupo B empatado con Cidade de Lugo. Na categoría feminina o Fisioterapia Ivonne Castro segue imparabile e xa está con 10 vitorias e ningunha derrota mentres que o Cementos Cosmos subiu a 4ª praza cun marcador de 4-6.

Na categoría Mini, esta na 1ª división, tanto a masculina coma a feminina comezaron con derrota a segunda fase, os chicos despois de rematala 1ª fase terceiros con 6-4 e as chicas segundas cun balance de 7-3.

Na Pre Infantil feminina o C. B. Sarria gañou os tres encontros de febreiro e segue 2º empatadas con Culleredo con 8-1, mentres que o Infantil masculina fixo o mesmo e mantén tamén a segunda praza con 10 vitorias e 2 derrotas.

Continuamos agora coa categoría Cadete onde o primeiro é felicitar ao C. B. Sarria feminino que conseguiu gañar a liga regular despois de levar a vitoria no último segundo contra Ensino, agora a agardar polas eliminatorias; mentres o

masculino tamén conseguiu levar a vitoria nos tres partidos e segue na 3ª posición empatado con Estudiantes con 10-3.

Na categoría Junior tampouco hai novidades, o equipo masculino segue na terceira posición empatado con Estudiantes con 7 vitorias e 5 derrotas mentres que o equipo feminino continúa na derradeira posición da 1ª División despois de perder os 4 encontros disputados. Xa por último, destacar a clasificación do sénior masculino para a segunda fase como 2º clasificado cun balance de 11-3 e empatando no liderato con Arteixo e o ascenso ao 5º posto do sénior feminino empatando con Laracha con 10 vitorias e 6 derrotas.

## O campo da Ribela será mellorado grazas a unha iniciativa da SD Sarriana

O equipo de fútbol de Sarria, a SD Sarriana, presentou un proxecto para rehabilitar o estadio municipal da Ribela.

Esta iniciativa conta co apoio da Federación Galega de Fútbol, que asumiu o custo do proxecto, redactado polo arquitecto José Ángel López, do estudo Lineanorte, e o presuposto que se contempla para levar a cabo esta iniciativa é de 750.000 euros.

A remodelación da Ribela contará coas melloras en canto á substitución de herba artificial por céspede natural no campo principal, a ampliación das gradás, converter o pequeno cam-

po lindeiro en sintético e habilitar unha grada de dobre cara para que o público vexa os partidos que se disputen nos dous terreos, ofrecendo 980 novas prazas.

Ademais, este proxecto inclúe a limpeza e acondicionamento da fachada, un acceso para persoas con mobilidade reducida, cambio de luminarias, creación dun bar e novos baños públicos.

A Sarriana está mantendo contactos coas distintas administracións e está baraxando a posibilidade de firmar un convenio de colaboración entre o Concello de Sarria e a Deputación de Lugo.

## TELÉFONOS DE INTERESE

### LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77  
Garda Civil: 982 54 31 47  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

### PARADELA

Concello: 982 54 11 01  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

### SARRIA

Concello: 982 53 50 00  
Policía Local: 982 53 08 50  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11  
982 53 21 12 / 982 53 21 13

### SAMOS

Concello: 982 54 60 02  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

### O INICIO

Concello: 982 42 70 14  
Garda Civil: 982 42 00 46  
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77

### TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112  
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085  
Garda Civil: 062



### TRICASTELA

Concello: 982 54 81 47  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

# SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.

Dirección: Diego E. García Puente

Teléfono: 661 464 323

E-mail: redaccion@sarriaxa.com

Impresión: Tameiga Publicacións S.L.

Dep. Legal: LU 57-2021

## DE RUTA EN RUTA

# Descubriendo o patrimonio: o Pazo de Neira

O edificio parte dunha antiga torre forte medieval que á súa vez foi construída sobre un castro celta anterior

O Pazo de Santa Magdalena, ou máis coñecido como Pazo de Neira, está no concello do Páramo, á beira do río Neira, a 15 quilómetros de Sarria, 16 de Portomarín e 17 de Lugo.

Esta construción patrimonial foi unha antiga fortaleza, que agora é Pazo, e está datada de 1498.

Na leira de dúas hectáreas onde está situada había un castro celta, sobre o que se construíu a fortaleza.

Creouse como unha fortaleza defensiva na que a peza principal era a torre, que actuaba como un forte medieval de defensa e hoxe ocupa unha das esquinas do Pazo.

Na súa fachada pódese apreciar un escudo con catro cuarteis, de forma cortado e partido.

O primeiro cuartel ten unha aspa con dúas veneras, unha superior e outra inferior; o segundo cuartel ten unha árbore cunha rama que sae á esquerda do tronco e nela un ave pousada, o terceiro cuartel, unha banda ou barra inclinada, e o cuarto, un león rampante.

**CONSTRUCCIÓN ACTUAL.** Na actualidade, está edificado en forma de L e contén tres partes diferenciadas: a torre, que foi construída a tres alturas, pero houbo un incendio no século XVIII ou XIX e quedou á altura da segunda parte, o Pazo en si, coas habitacións; e a terceira parte, un alpendre, onde estaba o servizo, a cociña e a cuadra.

Por outro lado, o Pazo está rodeado por un xardín grande que dá acceso á casa principal e privada con árbores centenarias.

Hoxe, o Pazo está en venda e o seu uso é principalmente turístico.

**IMPORTANCIA.** Esta casa-torre de Neira tivo unha importancia político social moi grande no territorio da antiga xurisdición de Portomarín.

O documento máis antigo que se conserva na casa é de 1501 e nel menciónase ao capitán Pedro Díaz de Páramo, servidor dos Reis Católicos en distintos feitos de armas. O Pazo de Neira foi a casa principal da súa familia e da estirpe dos Neira.

A última liñaxe que posuíu o Pazo, por descendencia de sangue, foi a de Cancio- Donlebún e Vázquez, de Asturias.

No Páramo, a non ser a casa de Neira, xa non queda ningunha descendencia da fidalguía, ao trasladarse a fidalguía á cidade a partir do século XVII, polo que os señores venderon para soste o seu estado de fidalguía, o que motivou a súa erradicación do campo.



**MADEIRA**

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias  
Tanatorios  
Seguros

75 años  
MADEIRA SERVICIOS

Desde 1943

Diego Pazos, 34  
Teléfono y fax 982 53 00 15  
27600 SARRIA - Lugo

funeraria@servimadeira.es  
www.tanatoriomadeira.es

*Pili Madeira*

FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 117 Tel. 982 100 010 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

**bicarelo**

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88  
info@bicarello.es